

# A NOSA TERRA



Ano XXXIII — Núm. 478

Registro Nacional de la  
Propiedad Intelectual 348.396

FRANQUEO PAGADO  
Concesión 2032  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión 2727

BOS AIRES, MARZAL DE 1951

## Antón Vilar Ponte

Cúmpranse n-iste mes quince anos do pasamento de Antón Vilar Ponte, creador das Irmandades da Fala e primeiro director de A NOSA TERRA, un dos máis lumiosos espritos galegos, un dos homes que máis fixo pol-o soerguemento da personalidade galega e que máis traballou a prol dos intereses da nosa patria. A súa vida foi, sen tréngolas e sen renuncios, en todos os mres do seu alentar, unha vida galega.

A labouira intelectual de Vilar Ponte enceta nos primeiros anos do século. En 1905 publica en Luarca o drama "A patria do labrego". A aitividade patriótica do mestre ven anos dempois. As verbas que no 1856 resoaran, líricas e acesas, embaixo das ponx las centearias de Conxo eran xa letra morta; a solidariedade galega, que en Monforte pareceu quedar ben cimentada, esmorecera de todo; a labarada alcendida pol-a brasa estralante de Basilio non prendía axeitadamente; os versos dos precursores estaban animados d'anceios sentimentaes, mais non callaban en afáns proselitistas i-expansivos; o idioma estaba vivo nos beizos da xente, que co-íl araba e cantaba; pro na prima dos escritores ía enmudecendo ou quedaba refugado pra choqueiradas. Pra que a concenza i-o espírito galegos se manifestasen sea trampa, pra que a sua expresión rexurdise dende o cerne, tiñan de ser traballados arreo cunha técnica cultural. Cumpria pórse n-unha tarefa política; era mester un maxisteiro; facía falla o mestre de labouira cotián, capaz de seguir o único método pedagógico eficaz: o machaqueo. Poucas ideas, craras e ben contrastadas, axeitadas a capacidade dun povo carregado de prexuízos. Eis a tarefa na que, sen acougo e sen fallas, se puxo Vilar Ponte.

Tiña chegado a literatura por pura vocazón intelectual. Os seus estudos académicos, como os de outros escritores galegos, —Pondal, Lamas, Vicenti, Barcia Caballero, Lisardo Barreiro, Castelao, médicos; Murguía, Cuevillas, farmacéuticos— estaban ben afastados das humanidades. Era licenciado en farmacia e coma tal, en Viveiro, exerceu de boticario. A vocazón intelectual inzouse axiña de arelas patrióticas i-estas levárono a militancia política.

O liñamento fundamental do galeguismo aital, como teoría e pragmática, está xa contido no seu libro "Nuestra afirmación regional" (1916), do que xurdeu o nacemento das Irmandades da Fala, no mesmo ano, e do seu órgano, A NOSA TERRA, por íl fundado e dirixido. Van alá trintecino anos. O afán do mestre eiquí está, na outra banda do mar, ergueito, seguindo o pensamento inicial: o soerguemento da nosa enxebreza. A tarefa non rematou nin rematará. N-ela, á beira do iniciador, estiveron irmandados os mellores homes da súa xenerazón; a ela fóronse incorporando moitos mozos; n-ela seguimos traballando moitos emigrantes. Outros han seguila. N-ela hai sitio e un traballo doado pra cada un. "Que ninguén lle poña chatas", coma se fose cousa allea.

No seu ensaio "Os nosos valores" e nos "Discursos á nación galega" deixou o mestre crara e sistemáticamente definiúdo o senso i-o fundamento do nazionalismo galego. E as súas obras literarias tiveron de cote un acento patriótico, tales as dramáticas "Entre dous abismos", "Almas mortas", "Os evanxeos da risa Ausoluta" e "O Mariscal" (ésta en colaboración con Cabanillas).

O pensamento aceso, a paixón patriótica da súa vida, a prenitudo do seu alentar cotián, a súa obra catequista —que hai que pensar en editar; escolmándoa, en libro— foína deitando en artigos publicados en xornaes —"El Noroeste", "Galicia", "El Pueblo Gallego", "La Publicital", "El Sol"— e nas follas de A NOSA TERRA.

Alí día a día, en xurreira nidia, quedando a súa rexa e tensa verba civil i-o seu espelimento mental de gran xornalista e de mestre da galeguidade.

Foi diputado nas Constituintes da República e nas eleccións do 1936, como candidato do Partido Galeguista, foi eleito pol-a provincia da Cruña pra representala no Parlamento hespañol.

A lembranza do mestre está sempre viva en nós. Do seu maxisterio, do seu afán, da súa lealdade, da súa homía de ben, da súa probeza —tan elegante, tan diña, tan de gran señor— recibimos leicións inesquecibels que nos axudan no noso alentar, no noso persistir, no noso andar pol-os camiños que íl marcou. Como un fito ideal temos diante o eixemplo da vida de Antón Vilar Ponte, iniciador e animador do galeguismo.

## Outorgamento d-un premio

A Xunta Directiva da nosa Irmandade Galega resolveu a creazón d-un premio periódico de mil pesetas pra ser outorgado ao millor artigo publicado no noso idioma e dos valores galegos, en calquera diario, periódico ou revista.

Por primeira vegada foi outorgado o dito premio, correspondéndolle con prena xustiza ao escritor galego residente en Madrid Don Xosé Ramón e Fernandez Oxea ("Ben-Cho-Sey"), pol-o seu patriótico e belido artigo publicado no "Faro de Vigo" titulado "Vaite co Señorito" co cal fai unha sfervoada defensa do noso idioma rebatíndo un esventurado artigo de Xosé Ruybal no que pretendía menosca bar e luxar a nosa lingua.

Facemos chegar nosas felicitacións o distinto escritor premiado, non solo pol-o premio en sí, senón pol-a súa dina e patriótica aitude de bo fillo que sabe defender o prestixio de súa nri.

## Concurso de "Bibliófilos Gallegos"

Por notizas que acaban de chegar nos da Terra, sabemos que o Xurado desinado por "Bibliófilos Gallegos", presidido pol-o cadeiradigo da Universidade de Compostela Señor Moralejo, pra xuzgar os traballos do 2º Concurso organizado pol-a dita entidade, resolveu outorgar o premio a obra "Cancioneiro de poesía Céltica" de Pokorny vertida ao idioma galego pol-os señores Ramón Piñeiro e Celestino de la Vega.

Tan importantísima obra fica así traducida por primeira vegada a unha lingua románica, feito iste que constitúe un outo prestixio pra o noso idioma.

## Procede Marcalos a Fogo...

Fai poucos días, co gallo de lembrar o vintecino aniversario do voo do "Plus Ultra" que levou a cabo a fazaña de galgar por sobor do Atlántico Sul xunguindo pol-o ar a Hespaña e a Arxentina, na Embaixada de Falanxe deuse un "viño d'honor" ao cal concorriron en representación do Centro Galego, o vice presidente Sr. Ricardo Badía e o segredario xeral doutor Pedro F. Prado, conspicuos e pimpantes dirixentes das Agrupacións "Celta" e "Galicia" respectivamente.

Do doutor Pedro F. Prado podemos decir que é arxentino e totalmente alleo as nosas inqueanzas, pois non se lle coñece a situación patriótica e ideolóxica algunha no seo da nosa coledividade, que so á figuración persoal é o único que a él l'intresa. O drama da guerra civil, con total-as terribels consecuencias pasadas e presentes que sofreu e sofre o noso povo,

é cousa que, ao parecer, o ten sen coidado. Mais en canto se refire ao señor Ricardo Badía é auga doutro pozo.

¿Cómo eisprica o señor Badía a súa repudiabel acción de tripar e ceibar pol-a borda, todolos seus principios democráticos e republicáns que o mantiñan avencellado ao través dunha honrosa e limpa aitude de moitos anos no frente antifalanxista da nosa coledividade, (lembramos o famoso banquete de 100 pesos o cuberto, traballado pol-o señor Badía, pra axuda da República, cando estourou á agresión falanxista) que fora á Embaixada a estreitarlle a man ao representante de Falanxe?

O señor Ricardo Badía non ñorará o que ese noxento feito leva en sí involucrado: que recoñece e acata ao goberno de Falanxe en total-as suas formas e procederes na nosa mar-

tirizada Patria, xustificando os fusilamentos de Alexandro Bóveda, Xaime Quintanilla, Anxel Casal, Suárez Picallo, Xohan Carballeira e ducias de milleiros de mártires que cairon baixo o chumbo falanxista pol-o delito de seren galeguistas e republicáns.

Que xustifica e acata como bon, o réxime de fame e terror a que está sometido o noso povo por mor do desbaraxuste económico da dictadura falanxista.

Naturalmente que Don Ricardo, posto a aceptar todo, tamén xustificará, que á cultura galega sexa perseguida con saña adocida; pechados ou desvirtuados os centros de cultura, cal, o insiñe Seminario d'Estudos Galegos de Compostela, todo elo, claro está, en favor da cultura castelán consecuenta coa "España una y grande"...

Fai pouco tempo, o señor Ba-

(Continúa na pág. 7).

## O Centro Pontevedrés Celebrou un gran Aito Patriótico en Lembranza de Castelao



# ¡Deica Logo!

Agora, xa pra sempre na Terra; serás terra da nosa Terra, terra galega todo corazón.

A. I. ALVARIÑO.

*Na serán do 4 de marzo de 1936 levamos á terra o cadavre de Antón Vilar Ponte: a fror e o froito que quixo ser semente. A terra douno e a terra levouno. Que a terra nol-o devolva.*

*Agora o noso irmán xa é terra da Terra, e o mo Porteiro, Viqueira e Lousada; como Amado Carballo e Manoel-António. A Terra é amorosa e dá unha espiga por cada grao. A sementeira non pode perderse e as entranas da terra devolverán os nosos mortos á luz da Terra. Nascerán novas criaturas condenadas a morte, para seren tamén semente. E cada vez máis e cada vez mellor.*

*¿A Patria necesita tradición para ter continuidade na Historia? Pois logo a terra necesita mortos gloriosos para ser unha Terra, e os soños destas homes son o núcleo, xerminando morren e se trocan entemente. Antón Vilar Ponte renascerá em frores e froitos da Galicia que él maxinou.*

*No serán do 4 de marzo de 1936 levamos o corpo de Antón Vilar Ponte ao cemeterio da Cruña, para deixalo na compañía de Curros, Ponal e Murguía. Acompañounos unha moitadume, en silencio doozoso. Uns choraban ao gran periodista, outros ao gran republicán, outros ao gran galego e outros ao diputado popular. E todos choraban ao home que con máis diñidade supo levar a súa pobreza.*

*¿E nós? Nós levábase á terra nai unha ofrenda sagrada: o corpo dun fundador. Nós asistimos ao enterro de vinte anos da nosa vida. Nós éramos fantasmas enloitados, detrás dun atande cheo de sonos. Nós camiñabamos, en silencio, a cavilar no segredo da morte e no senso do porvir. Eramos os testamentarios lerilimos dun gran patriota. Eramos a vida detrás da corte e con máis vidas detrás de nós. Eramos a renascencia detrás da loita e diante da victoria. Eramos "os bós e xenerosos".*

*Na serán do 4 de marzo de 1936 vin desaparecer para sempre a Antón Vilar Ponte, e naquel intre revivin os anos da miña mocidade.*

*Cando eu me consideraba o derradeiro supervivente dun pobo suicida, chegou a min a voz alentadora dun escritor. Era Antón Vilar Ponte. A súa chamada tivo a virtude de xuntar a uns poucos galegos que non-os coñecíamos, pero que dende entón ficamos unidos por vencellos que sementes a morte vai rompendo... Vinte anos arreo a nosa amizade fraternal. Non houbo segredos nin ilusións que non-os comunicáramos, e as súas desventuras magoaronme tanto como as miñas doores o feriron a él. Eramos verdadeiros irmáns.*

*Eu sei que Antón Vilar Ponte revivirá no peito dos galeguistas mozos; pero eu non asistín ao enterro dun símbolo. Eu sei que non volverei a velo, que non me volverá a falar, que xa non me escribirá máis. E cando vin que desaparecía o meu vello compañeiro de loitas non pude reprimir esta despedida:*

¡Deica logo irmán!

CASTELAO.

N. da R. — Iste afervoado e saudoso artigo do noso inesquecible Castelao o collemos do Nº 405 d-A NOSA TERRA do 13 de Marzal de 1936, que daquela inda se editaba en Galiza.

# Frores, Bagoas i Espranza!...

por RODOLFO PRADA

AD-A NOSA TERRA do 20 de Marzal de 1936).

## "FOGUETE DEBECENTE".

*Cando escomenzaba a clarezar, venciuno o sono de pra sempre. E que estaba xa tan canzo...!*

*A noite fora longa e riza. Noite d-a oballamento. Noite tráxica, na que tanto e tanto tivera que sufrir e apeitar a nosa nai Galiza. Mallaban n-ela, arreo, os de fora e os de dentro! Envolta nas tépedas somas, a Galiza esmaicla-ba tristeira. Antón Vilar Ponte, tocado no seu xeneroso corazón de fillo, dérase a loitar, adicándose sen folgos a defendela. A súa brita-loira prlma, foi espada de tembel gume que non tivo acougo Primeira entre as primeiras no rexo loicar pol-os dereitos oa Terra, pol-o seu erguemento espiritual e material, ¡pol-a súa liberdade!*

*Con fé de iluminado, con vontade e coraxe d-héroic e con afervoadada paixón de fidel amador, fixo da galeguidade o punto coincidente de todol-os seus anceos e de todas as súas accións. ¡A Galiza era o comenzo e o fin de todo seu*

vivir!

*A noite fora longa e riza. Noite de témeras galernas pra Galiza. N-ela, o irmán Antón Vilar Ponte, semellaba un faro ourentador. E a súa lús rubia pol-o ar furando a escurada, coma un*

*"foguete debecente nas festas da galerna".*

*E no intre mesmo no que escomenzaba a clarezar, cando as primeiras raiolas quentaban o corpo aterecido da nai Galiza, o fillo bós e xeneroso caíu derrubado pol-o sono eterno. Estaba tan canzo, ¡tan canzo da loita!, que non podía agardar a chegada do día da gloria que xa alborece.*

*"ESTE VAISE J-AQUEL VAISE"...*

*O fado que aboura a Galiza ¡non ten a cougo! a ringleira tráxica ¡non se tronza! Ahí vai outro dos "bos e xenerosos".*

*Aló están, no Além, moitos esgrevios pa l a d is do Galeguismo*

(Continúa na pág. 7).

# XV Aniversario da Morte de Antón Vilar Ponte

por

PEDRO CAMPOS COUCEIRO

recurriremos a violencia; iremos a guerra civil; se nos ven- cen, e nos volven a someter pol-a forza, ese sacrificio non resultará inútil, as xeneracións que nos sucedan vencerán, e Galiza será ceibe. En 1936, vol- veu a sair eleito diputado, pol-o Partido Galeguista, pero non

chegou a incorporarse a o par- lamento, pol-a enfermidade que o levou a eternidade. Foi unha desgracia para Galiza, e para todos cantos desexamos súa li- bertade, e o seu progreso, mate- rial, eispiritual, e o desenrolo da súa cultura.

Para o inesquencibel patrio- ta, tal vez a morte resultou pia- dosa, porque se vivise enfermo,

(Continúa en pág. 3).

# Antón Vilar Ponte

TRADUCCION

En este mes, cúmplense quince años del fallecimiento de Antón Villar Ponte, creador de las Irmandades da Fala y el primer director de A NOSA TERRA, uno de los más luminosos espíritus gallegos, uno de los hombres, que más hizo por el resurgimiento de la personalidad gallega y que más trabaja- jó en favor de los intereses de nuestra patria. Su vida fué, sin descanso y sin renuncios, en todos los momentos de su alentar, una vida gallega.

La labor intelectual de Villar Ponte comienza en los primeros años del siglo. En 1905 publica en Luarca el drama "A patria do galego". La actividad patriótica del maestro viene años después. Las palabras que en 1856 resonaron, líricas y encendidas, bajo las ramas centenarias de Conxo, eran ya letra muerta; la Solidaridade Galega, que en Mouforte pareció quedar bien cimentada, habíase apagado del todo; la llamara- da encendida por la brasa crepitante de Basilio, no prendía en modo alguno; los versos de los precursores estaban animados de anhelos sentimentales, mas no cuajaban en afanes proseli- tistas y expansivos; el idioma estaba vivo en los labios de la gente, que con él araba y cantaba; pero en la pluma de los escritores iba enmudeciendo o quedaba reducido a bufonadas de una categoría inferior. Para que la conciencia y el espíritu gallegos se manifestaren sin trampa, para que su expresión resurgiere desde el fondo mismo, tenían que ser trabajados continuamente con una técnica cultural. Hacíase necesario imponerse una tarea política; era menester un magisterio; hacía falta el maestro con su labor diaria, capaz de seguir el único método pedagógico eficaz: el machaqueo. Pocas ideas, claras y bien contrastadas a la capacidad de un pueblo cargado de pre- juicios. He ahí la tarea a la que, sin descanso y sin fallas se puso Villar Ponte.

Había llegado a la literatura por pura vocación intelec- tual. Sus estudios académicos, como los de otros escritores gal- legos — Ponal, Lamas, Vicenti, Barcia Caballero, Lisandro Barreiro, Castelao, médicos; Murguía, Cuevillas, farmacéuticos — estaban bien hastiados de las humanidades. Era licenciado en farmacia y como tal, en Viveiro, ejerció de boticario. Su vocación intelectual saturase muy pronto de ansias patrióticas y éstas llevaronlo a la militancia política.

El lineamiento fundamental del galleguismo actual, co- mo teoría y pragmática, está ya contenido en su libro "Nues- tra afirmación regional" (1906), de lo que surgió el nacimien- to de las Irmandades da Fala, en el mismo año, y de su órgano A NOSA TERRA, por él fundado y dirigido. Van allá treinta y cinco años. El afán del maestro aquí está en la otra banda del mar, siguiendo el pensamiento inicial: el resurgimiento de nuestra personalidad.

La tarea no remató ni rematará. En ella, al lado del ini- ciador, estuvieron hermanados los mejores hombres de su ge- neración; a ella fuéronse incorporando muchos mozos; en ella seguimos trabajando muchos emigrantes. Otros han de seguir- la. En ella hay sitio y un buen trabajo para cada uno. "Que ningún lle poña chatas" como si fuese cosa ajena.

En su ensayo "Os nosos valores" y en los "Discursos la nación galega," dejó el maestro clara y sistemáticamente defi- nido el sertido y el fundamento del nacionalismo gallego. Y sus obras literarias tuvieron siempre un acento patriótico, ta- les las dramáticas Entre dous abismos, Almas mortas, Os evan- xeos da risa ausoluta y O Mariscal (ésta en colaboración con Cabanillas).

El pensamiento encendido, la pasión patriótica de su vida, la plenitud de su cotidiano alentar, su obra catequista — que hay que pensar en editar, seleccionándola, en libro— la fué realizando en artículos publicados en diarios —"El Noroeste", "El pueblo Gallego", "La Publicital", "El Sol"— y en las ho- jas de A NOSA TERRA.

Allí, día a día, en viva y clara prédica, quedaron su recia y tensa verba civil y su vivacidad mental de gran periodista y de maestro de la galleguidad.

Fuó diputado en las Constituyentes de la República y en las elecciones de 1936, como candidato del Partido Galeguista, fué electo por la provincia de La Coruña para representarla en el Parlamento español.

El recuerdo del maestro está siempre vivo en nosotros. De su magisterio, de su afán, de su lealtad, de su hombría de bien, de su pobreza — tan elegante, tan digna, tan de gran señor— recibimos lecciones inolvidables que nos ayudan en nuestro alentar, en nuestro persistir, en nuestro andar por los caminos que él marcó. Como una meta ideal, tenemos ante nosotros el ejemplo de la vida de Antón Villar Ponte, iniciador y animador del galleguismo



# Da Sesión Adicada a Vilar Ponte pol-o Congreso dos Diputados o 18 de Marzal de 1936 en Madrid

Alguns dos discursos pronunciados, que tomamos do "Diario de Sesiones" da dita Cámara

El diputado Sr. RODRIGUEZ CASTELAO: Señores Diputados: en nombre de la hermandad gallega que es algo más que un partido político, agradezco a la presidencia y a los señores Diputados las palabras pronunciadas y que se pronuncian en memoria de uno de nuestros hermanos: Antonio Villar Ponte. Yo no puedo culpar la emoción cuando pronuncio este nombre, porque con la muerte de Antonio Villar Ponte, mi fraternal amigo, puede decirse que asistí al entierro de veinte años de mi vida.

Antonio Villar Ponte era un gran periodista, era un gran republicano, un gran gallego, un gran hombre. La República ha perdido en Galicia a uno de sus propagandistas más eficaces, y en la prensa gallega desaparece con su muerte el artículo, siempre magistral, que mejor interpretaba las ansias de justicia y de libertad que siente nuestro pueblo trabajador.

Antonio Villar Ponte se crió en un hogar impregnado con el recuerdo romántico de Nicomedes Pastor Díaz; estudió en la vieja Compostela, y fué liberando su espíritu con evasiones hacia el liberalismo, que allí se producen siempre como contraste. No tardó en abrazar las ideas de Pi y Margall, superando el regionalismo gallego y asimilando para sí el estilo moral que presidió la vida del gran

repúblico, porque de Villar Ponte puede decirse que fué uno de los hombres que con más dignidad supo llevar siempre su pobreza.

Como buen gallego, Antonio Villar Ponte se encontró a sí mismo en la emigración bajo el peso de ese sentimiento que nosotros llamamos morriña —una palabra que todos vosotros conocéis, pero cuyo significado misterioso sólo conocemos nosotros. En Cuba, fué un forzado del periodismo, como siguió siéndolo después toda su vida. Allí soñó con una nueva Galicia, y regresó para realizar sus sueños. Eran tiempos grises y oscuros para mi tierra: ya nadie se acordaba de Antonio Faraldo; Alfredo Brañas había desaparecido; Galicia se dejaba asimilar estúpidamente, sin fuerzas para resistir, y si todavía existía era porque el Estado no había tenido poder bastante para convertir nuestra tierra en una llanura o porque la impermeabilidad del espíritu aldeano había sabido resistir las acometidas esterilizadoras del espíritu oficial.

En aquel tiempo yo me consideraba como el último sobreviviente de un pueblo suicida, cuando llegó a mí la voz alentadora de un escritor; era Antonio Villar Ponte, que tuvo la virtud de reunir a unos cuantos gallegos que no nos conocíamos, pero que desde entonces quedamos unidos por vínculos

que sólo la muerte va rompiendo.

A Villar Ponte se debe la idea que engendró el actual renacimiento de la cultura gallega, matriz del movimiento político que aquí nos ha traído. Imagináis, pues, mi dolor y el dolor de todos los galleguistas por la muerte del fundador.

Todos nosotros, todos los Diputados que se sientan en estos escaños, podemos lamentar la pérdida de un elemento que hubiera venido a estas Cortes con la misma emoción creadora con que vino a las Constituyentes; pero todos debemos lamentar más todavía la pérdida de un ciudadano ejemplar, de un ciudadano modelo, que por obedecer los dictados de su conciencia y por ser fiel a sus ideales no ha tenido inconveniente en sacrificar su vida. Porque habréis de saber, señores diputados, que la menguada salud de Villar Ponte no podía resistir los trabajos de la propaganda a que él se entregó generosamente, ni siquiera las emociones de la victoria.

Villar Ponte ya es tierra de nuestra tierra; pero para mí, como para todos los galleguistas, el 4 de Marzo no hemos enterrado un cadáver; hemos enterrado una simiente, y los sueños de Villar Ponte florecerán en una nueva Galicia que nosotros sabremos construir a fuerza de trabajo y de voluntad para ofrecérsela a la República.

Nombre de dos criaturas que ya no tenían madre y que acaban de perder su único sostén material, os doy las gracias, Sr. Presidente de las Cortes y señores diputados. (Aplausos).

El Diputado catalán Sr. TOMAS Y PIERA: Señores Diputados, unas breves palabras llenas de emoción para hacer constar el profundo dolor de la minoría de Esquerda catalana ante la muerte del señor Villar Ponte. Nosotros lloramos la doble pérdida que representa la muerte de un compañero nuestro, la pérdida de un gran republicano y de un nacionalista gallego, de un hermano nuestro en virtudes democráticas y de un hermano nuestro en esencias nacionalistas.

Han evocado otros señores diputados la labor del diputado señor Villar Ponte en las Cortes Constituyentes. Yo quiero evocar, en sentido póstumo, lo que hubiera representado para estas terceras Cortes de la República la presencia del diputado Sr. Villar Ponte, cuando, ya elaborada nuestra Constitución y establecidos en la misma los postulados laico socializantes y autonomistas, existía la posibilidad de dar a Galicia un Estatuto. La labor del diputado señor Villar Ponte hubiera sido considerable de gran ponderación y de gran actividad.

Nosotros nos adherimos al dolor manifestado por el Sr. Presidente de la Cámara, por los diputados gallegos y por la Cámara toda. Nada más.

El diputado vasco Sr. IRUJO: Señores Diputados, el señor Villar Ponte era nuestro amigo, era un nacionalista gallego. Cualquier diputado, fuese cual fuese el grupo a que perteneciere, hubiera tenido nuestro afecto al llegar el momento solemne y misterioso de su tránsito a la eternidad; pero un diputado nacionalista debe tener,

# Lembranza d-un Irmán

por RAMON CTERO PEDRAYO

(D'A NOSA TERRA" de marzal de 1936)

Antón Vilar Ponte, amaba as lendas célticas co amor saudoso e alboradeiro dos círcios soadores nados no círculo vibradoiro de lonxanías do horizonte mariágn. Tremoroso de roteiros foi seu curto vivir queimado en puras chamas de sacrificio e por o mais ronnelado de arelanzas, camións-nos de acarón de nós unha mañán de neve marzal nas cumes e agromares de cerdeiras nos hortos galegos.

Pol-o camiño da morte soante das chamadas inmortes que levaron á Deirdre irlandesa ao longo rematar desincarnado onde o ensoar é realidade e as estrelas, ardentes rosceiras de conquerida esperanza.

Moitas veces — ténollo dito a Ramón Vilar — apreixando nos brazos o corpiño de Antón n-issas apertas dos galleguistas sempre finxidas pol-a melancolía da posibel e derradeira espedida, eu sentía latexar seu corazón xeneroso como un páxaro de Armenteira de infinda armunia, desexoso de crebar a gaiola do corpo mortal. Sofría Antón sua door con estoica elegancia requintada, e a verba entusiasta, precisa, irónica, na conversa e no traballo ceibaba acotío os froitos da rexa e ispirada pai-són da Galeguidade.

Ao calar a palabra, ao caír da mán vencida a pruma sobor da derradeira coartela de Antón Villar Ponte, fáise un silencio escondado nas letras galegas.

Paixón xusticeira i, erguedora dende os primeiros anos, loitando en todos os frentes de combate, sen pouxa nin folgo, pois cada día raíaba pra Vilar coa chamada d-un novo deber a prol da Terra, e aínda lle ficaba un recantiño no tempo xornaleiro pra labrare en alma e sangue galegas pequenas obras maestras de auto simbolismo estético ou guieiros de política de ética galleguista entramas crás de escritos destinados a vivire namentras vivan o noso idioma e o sentimento da Galeguidade.

Semella pouco piadoso trazar análise na obra d-un home que aínda fai ben poucos días alentaba entre nós. A morte ténnos acostumado a seus favores senxeiros. Ela escolma os millores zelada de levar á suprema transcendentalidade do além as almas escolleitas. Na Céltica a morte é soio relativa. Sabemos, por bondade de Deus, vivir na inesquecible compañía dos que foron. Máis iste sentimento de consó, podemos toller as bágoas e o laio ao mirálos camiñar deixándonos cada día un pouco máis sós diante a xinda indiferencia do mundo? Eu, agora, soio podo deir que o pasamento de Antón tolléume pra sempre a ledicia da primadeira.

A noite e o mar fagúan ao enterro de Vilar Ponte un fondo de grandeza incomparable. Alí estaba o pobo conmovido e respectoso diante o misterio do pasamento do grande escritor que tiña pra il cada hora a verba, o consello, e o exemplo. Alí sou a voz dos rapaces galleguistas. Endexamais habemos de esquecer aquíl berro de amor conmovido ao tempo protesta rexa contra a ingratidade da sorie, e confianza radiosa no pórvir.

Eu soio podo ter pra il, pra o irmán de pura arelanza, a oración que latexando en todos os corazóns non foi rezada pol-os absurdos trabucamentos do tempo.

Además, el grito de nuestra hermandad. De esa hermandad, pues, sale nuestra voz, la voz de los vascos, representantes del pueblo más viejo de Europa, para unirnos a Galicia, a la voz de sus hombres, pronunciando estas pobres palabras llenas de emoción y de respeto para quien fué, como el señor Villar Ponte, digno e ilustre representante de Galicia.

El Diputado Sr. ALONSO RIOS: Señores Diputados, hay dos momentos, uno en la historia de España y otro en la de Galicia, que están marcados por dos nombres. El de la historia de España es aquel en que la Institución Libre de Enseñanza hizo su aparición. Por primera vez, en América, representada por la persona de Don Rafael Altamira. En aquel momento el concepto que los americanos tenían de los españoles cambió. Los españoles dejaron de ser hombres que vivían mirando al pasado para transformarse en hombres modernos que saben estudiar, investigar y que están dotados de un alto espíritu de comprensión. Este fenómeno que se cpero con la ida de D. Rafael Altamira a América se ha operado también con la marcha de Antonio Villar Ponte, con respecto a Galicia y se marca haciendo el mismo contraste entre las dos épocas: la del desconocimiento y el ultraje y la del reconocimiento.

Antonio Villar Ponte era un espíritu avanzado entre la Galicia ultrajada y proscripta y la Galicia que ha de reconocerse, amarse y comprenderse. Formó el alma de Galicia en América y en la propia Galicia se convirtió en el portaestandarte de sus reivindicaciones.

Todos los que hemos vivido largos años en América hemos sido formados espiritualmente por Villar Ponte. En la República Argentina, donde recibimos al digno Presidente que hoy ocupa el alto sitial de esta Cámara, dejamos formada la Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales y el espíritu de Villar Ponte es el cuando a banda da mafia empe-

que nos ha animado. Todo lo que hay de valor en el liberalismo y en el republicano moderno de España reflejado en América vive en aquella Federación, como sabe el señor Jiménez de Asúa. Esa Federación ha sido animada por el espíritu de Villar Ponte, como lo hemos sido todos los hombres avanzados de América y todos los gallegos emigrados que pensábamos en una España mejor.

Nosotros no podemos menos de sumarnos a este homenaje y dejar oír la voz de este modesto representante de la Federación Agraria de Pontevedra y de la Federación de Sociedades Agrarias y Culturales de la República Argentina, cuando ha desaparecido este gran hombre, este hombre todo voluntad, todo ética, toda constancia, que ha sabido perfilar, para su tierra una esperanza de reivindicación. Cuando todos decían que Galicia había sucumbido, él se levantó a afirmar esta verdad: "Galicia vive, aunque no se la quiera reconocer". La ha formado él con sus doctrinas, con su ética, con su voluntad y en España y en América ha surgido Galicia como un hecho evidente. Esta afirmación constituye una honra demasiado grande para que pueda olvidarse; por él, con sinceridad y amor, me asocio de todo corazón al homenaje que hoy se rinde a su memoria.

## XV aniversario da morte de Vilar Ponte

(Ven da páx. 2).

zou a matar homes, pol-o "delito" de seren decentes, honestos, e patriotas, Vilar Ponte, correría a mesma sorte de Bóveda, e outros miles de vítimas, mártires.

Que seu sacrificio, e a súa doutrina, sirva de escola e de guieiro a todas as xeneracións, a os fillos de Breogán. Con as nosas arelas, que descansen en paz o gran loitador.

Pedro Campos Couceiro.

# Lembrando a Vilar Ponte

Paréceme acertadísimo o acordo, tomado pol-a Irmandade Galega, de adicar o número de "A Nosa Terra" de este marzal a lembrar a esgrevia figura do gran loitador e xornalista Antón Vilar Ponte, co gallo de cumprirse neste mes o 15o. aniversario da súa, relativamente prematura e decote chorada desaparición. Y, ademais de parecerme acertadísimo tal acordo, aínda coído que quizáis fose comente que Irmandade seguirá honrando, no adiante, a memoria de outros grandes patriáns, cuasi esquecidos pel-as xeneracions presentes, adiciándolles o número do seu valente portavoz no cumprimento dos lustros e dos cartos medios e séculos, do seu paso a eternidade, arrecadando do inxusto esquezo suas ilustrés figuras...

Moito se pode escribír encol da emiñente figura que se destacou nulleira no campo do xornalismo galego perante máis de un carto de século, pero tal vez sexa en a persoa menos axeitada para evocar con acerto a súa personalidade a xuzgar con xusticia e sin erro sobor dos méritos da súa extraordinaria laboura. Carezo das naturais aptitudes que son necesarios para o exercicio da crítica biográfica e fallame, ademais, nestes intrés, toda eras de datos referentes ao grande escritor.

Non embargante o dito, e sin pretender asolagarme en vedadas profundacións, quero avencellar as miñas homildosas verbas a cantas xurdan en lembranza de quen foi, máis que nada, un mestre insíne das moicedades galegas. Un mestre que soupo recoñecer na obra dos precursores — quizáis mellor que caquera dos integrantes da xeneración renacentista — as suas inqnedanzas patrióticas e trasmitílas a sucesora xeneración dos novos. ¡Esa xeneración que tanto prometía — díña, en verdad, das dúas precedentes — e que foi silenciada e cuasis aniquilada pol-a barbarie nazifeixista!

A prédica batalladora de acotío de Antón Vilar Ponte, encol do soerguemento da patria asoballada, penetraba nos espíritos mozos coma a punta acirrada de un puñal florentino na freba da carne roxa e palpitante. Con verbas eraras e precisas, sabía como poucos, desenrolar diante dos ollos do lector menos perspicaz, de maneira comprensible, os problemas

que cangaban a Nosa Terra, e sinalaba a procedemento para acharlles solución. Foi sin dúbida, él, un dos que máis contribuíu a creación das Irmandades da Fala, da Cruña, no ano 1916, e en cantas entidades de carácter patriótico tiveron orixen na nosa Terra, antes e despois de aquela data. Hai quen diz, tal vez con fundada razón, que foi o máis grande apóstolo da doutrina galleguista. Personalmente, podemos afirmar que a súa prédica infraio sobor de nós máis que a de ningún dos intelectuales galegos contemporáneos, dito sexa sin menosprecio dos outros valores que integraron a súa xeneración.

Antón Vilar Ponte deixounos unha valiosa obra literaria que o acretan coma brillante escritor e comediógrafo, pero foi, por caraba de todo, un gran xornalista i o máis escrarecido mestre da moicedade galega, que fixo da insinanza do galleguismo un verdadeiro apostolado. O destino deparoulle a sorte de que seus ollos se pecharan, fai tres lustros, cando aínda o sol da liberdade alumíaba a nosa Terra. ¡Tremendo será sido sua dor, no aien, cando vío que as mouras sombras da tiranía a escurecían de novo, pouco despois, e que a maioría de aqueles rapaces bós e xenerosos que foran seus discípulos, chegaban ao trasmando a integrar a Santa Compañía de que falaba o gran guieiro Castelao, despois de seren atravesados seus nobres corazóns pol-os chumbos asesinos dos fusiles, fronte aos paredóns sinistros ou nos bosques verdecentes que oreban as carreteras!

GERVASIO P. LESTON.

## ANIVERSARIO

N-este mes de Marzal, cumprense os aniversarios da morte do Curros Enríquez e Pondal.

Mes de Marzal que ten para Galiza outa sinificación por estas mortes.

Mes de Marzal no que tamén Antón Vilar Ponte fai 15 anos se foi a facer compañía aos Precursores.

N-este mes, temos de lembrar a Curros, a Pondal, a Vilar Ponte e con eles a cantos abriron o camiño da nosa liberdade e sinalaron os vieiros do Galeguismo.

Que todol-os irmáns lembren a ises groriosos nosos mortos.



# Crorificando a

## Con un Grande Aito Patriótico o Centro No unha Estatua de Bronce no seu Pazo

### Verbas do

O Centro Cultural Betanzos primeiro, e o Pontevedrés despois, immortalizaron no nobre bronce a Castelao, o grande galego que adicou toda a súa vida e o seu extraordinario talento d'artista de pensador e político, ao servizo da patria galega.

Con Castelao, o pensamento político galego pasou do "regionalismo sano y bien entendido", ao nacionalismo d'aición inmediata, atelgado dun nido contido político social en base a recuperación da personalidade histórica cultural e política da nación galega.

O Centro Pontevedrés, magnífica institución galega portadora do mais enxebre e acceso patriotismo galego, quixo honrar ao héroe, ao grande galego e patriota desaparecido, immortalizando a súa lembranza, coa erección dunha estatua en bronce nos xardíns do Pazo Galego, propiedade que esta institución posue no veciño povo d'Olivos.

#### DA COMEZO O AITO

Sendo aousimadamente as 10.30 horas da mañán do domingo 11 do corrente mes, e diante dunha extraordinaria concurrencia que cobría materialmente os amplos xardíns do Pazo, deu comezo este patriótico e brillante aito, que coa súa cerebrados anteriormente no mes de xaneiro (primeiro aniversario da morte de Castelao) polo Centro Cultural Betanzos, o Centro Galego e a Comisión Intersocietaria Galega entidade que representa a coeividade galega de Bós Aires, labouran un fermoso ronsel de garimosas lembranzas e á adesión máis firme e decidida dos postulados patrióticos galegos que forman a doutrina do inesquecible guieiro e mestre da galegitude.

Abre o aito, o segredario xeral da entidade orgaizadora Sr. Cándido A. González, coas seguintes verbas:

"Donas e señores: Irmans na Terra:

Dentro deste marco d'emozón galega, o Centro Pontevedrés vai a proceder a inauguración da estatua de bronce, que o seu fervor patriótico e a súa admiración pola xigante personalidade do máisimo guieiro da galegitude, Don Alfonso R. Castelao, ergueo aquí, neste currunchito de terra, neste Pazo Galego, onde as almas e os corazóns pontevedreses evocan a cotío os seus lares patrios.

"Coméndaseme a min decir as primeiras verbas: primeiras verbas que teñen de ser para agradecer a todas as delegacións das nosas entidades aquí presentes a súa afervoadada adhesión; a todos os galegos que einguindo oxe aquí seus corazóns nun feto de patrióticos ideais, rinden tributo de lealdade á Terra na evocación da súa máis outa representación; e para agradecer tamén, a todos, en xeral, entidades e particulares; e os órgaos informativos de prensa e radio que prestaron a este aito a máis sincera colaboración, e nos fixeron chegar o seu testimonio de simpatía e de adhesión".

De seguido, o señor Cándido González require polo micrófono a facer aito de presenza no pazo oficial, aos compoentes das numerosas delegacións adheridas, procedéndose axiña, ao solemne e emocional aito de descubrir a estatua que, immortalizará no bronce ao grande guieiro desaparecido, desfilándose por tal efecto ao Segredario Xeral do Consello de Galiza; aos presidentes do Centro Galego, Centro Pontevedrés, Centro Coruñés, Centro Lucense, Centro Ourenseño, Irmandade Galega e Segredario Xeral da Federación de Sociedades Galegas, ao tempo que a Coral Galega Terra Nosa, do Centro Ourenseño, que dirixe o eminente músico argentino Don Isidro B. Maiztegui, interpretaba o Himno Galego.

A continuación a Coral Galega Terra Nosa, cantou as fermosas composicións "Despedida do Emigrante" e "Romaxe" que o público aprausou sostidamente pola súa maxístral interpretación.

#### A ESTATUA

Comprida a cirimofía de descubrir o moimento, o numeroso público asistente, aprausou afervoadadamente a magnífica obra do escultor galego Anxel Alen Buceta, a cal, aparés sobor dun basamento de pedras rústicas, nesa pose tan clásica en Castelao: o corpo e a

cabeza lixeiramente inclinados hacia diante, cunha man no peto do pantalón e a outra estendida en aiutude de dirixir a verba.

Si a laboura do artista consiste en captar os rasgos e actitudes máis sobresaintes da personalidade dun home dentro dun orde armónico de proporcións, podemos decir que Alen Buceta logrou doadamente o seu cometido, e os pontevedreses que levan decote a Castelao no seu corazón, terano por sempre en presenza nos xardíns do seu Pazo Galego.

#### GARDA D'HONOR

Como nota emotiva epatriótica, queremos facer notar, que o Centro Pontevedrés, entidade orgaizadora deste brillantismo e patriótico aito, destacou a veira do moimento, unha garda d'honor de mo-

zas e mozos adoviados cos nosos traxes típicos nazouaes, permanecendo a pé firme perante todo o desenrolo do aito.

#### OS DISCURSOS

Axiña, o presidente do Centro Pontevedrés, señor Cándido Rey, pronunciou un varil e patriótico discurso destacando a extraordinaria personalidade de Castelao, discurso que publicamos en lugar aparte.

De seguido o señor Cándido González deu lectura a un afervoadado mensaxe dun feixe de patriotas galegos da Terra, que ao igual que outros que chegaron de distintos lugares de Galiza, transcribimos en lugar aparte nesta publicación.

A continuación o señor Blacio Cupeiro, Segredario Xeral do Centro Provincial Coruñés, pronun-

ciou un enxundioso discurso en loubanza do guieiro desaparecido, pasando a seguido, a ocupar a tribúa, o Segredario Xeral do Consello de Galiza, deputado señor Alonso Ríos, quen s'espresou nun eloquente discurso apról do noso guieiro, dende oxe, immortalizado en bronce, no Pazo Galego; a súa obra d'extraordinaria proición no presente e pro futuro da nosa Patria e os nosos deberes como galegos e patriotas, de loitar afuzadamente até conquistar facer da nosa Terra unha Patria ceibe, culta e progresista, dándose por fundado este grande e patriótico aito de fonda galegitude ao pór o señor Alonso Ríos punto final ao seu enxundioso discurso, que ao igual que o do señor Blacio Cupeiro os publicamos integramente en lugar aparte.

## Discurso do Presidente do Centro Pontevedrés De n Cándido Rey AFERVOADA EISALTACION DE CASTELAO



Señor Segredario do Consello de Galiza Amigos representantes das entidades irmáns. Donas e señores:

Con esa emotividade que cada cal experimenta con particularidades muy persoales, pero que na súa verdade é única e xenérica para todos os seres conrentes, atopámonos xunguidos na realización de iste aito, cunha profundidade semicantual; cunha finalidade eminentemente patriótica; cunha manifestación emozuada de solidariedade e identificación galega, que fai realidade magnífica ese forte abrazo que se dan os irmáns da Galiza física e os da Galiza espiritual que representamos nós os emigrados, dánlle a esta convocatoria disposta polo Centro Pontevedrés de Bós Aires, xerarquía de acon-tecemento galeguista, no cal váise patentizar o irrenunciabel amor que os fillos de Breogán, sentimos vivos, e aínda canto nos toque facer coro coa Santa Campaña, pola terra chea de orvallo, exuberante, garimosa, que foi a fonte de tantos desvelos e motivo de honradas inqueidanzas para ó noso querido mestre: VIVA CASTELAO!

Homos pertencentes a unha mesma raza, xunguidos por un mesmo ideal, cheos dos mesmos anxeos patrióticos xuntámonos oxe, 11 de marzo de 1951, en este recreo social da nosa entidade, que por ser un anaco espiritual da nosa terra, leva ó nome de "Pazo Galego", para adicar ó homaxe máis afervoadado e perdurabel a quen foi e sigue sendo noso socio honorario, é que ó ter pasamento a inmortalidade, asumen tácitamente ó polo consenso xeral do pobo galego, a dirección espiritual de canto haxa que facer para conquistar a redención da terra máis dende moi longos anos aterrolada: Viva Castelao!

Un ofrecemento desinteresado é un traballo xenal do escultor noso amigo é comprovación, Anxel Alen Buceta, quen con aiutud tan diña faise por sempre acreedor a nosa meirande estima; unha resolución pronta é conscente dos dereitos do Centro Pontevedrés, máis a patriótica conduta al-truista de un feto de bós pontevedreses, que por elo mesmo, merecen o honroso título de galegos ben naceidos, fánse depositario da honrosísima misión de dar por inaugurada esta estatua, a primeira en bronce que nos lembrará en corpo presente e por sempre, aquela figura soñeira, aquel home consular que sendo sinxelo era baril, é que desapareceu físicamente de entre nós loitando até os últimos respiros da súa honrada e fecunda vida, pola que foi filla, irmán, noiva e nai bendita súa: Viva Galiza!

"Hai homes que pasan a vida predicando as escelencias d'unha doutrina política ou social e sinten a ledicia de seren combatidos, porque confían na posteridade e soñan en triunfar despois de mortos, convertíndose en estatuas de bronce ou mármore; pero se a idea que predicaban botase axiña raíces no sentimento popular e se, por acaso, xurdise a ocasión de vela trocada en feito histórico, pra abrir unha época, enton veredes que os mesmos sementadores da teoría collen medo, e al-

gúns son capaces de abandonar os seus postos de honor".

Ben sabemos que Castelao non lle imprimía a súa loita máis intrínseca que ese que ia endereitado a darlle a nosa Patria canto lle corresponde; ben sabemos que Castelao pasou a posteridade pola gravitación da súa inmensa obra o través de varios lustros, xa na arte, na literatura, na política honesta, na ciencia, na lexislatura, no goberno, todo para servir únicamente a súa terra; ben sabemos que se en vida xurdira a ocasión de ver trocado en feito histórico canto predicou coa súa verba é ensinou co seu exemplo para axudar a abrir unha nova época do seu país, non collería medo é, moito menos, abandonaría o posto de honor que lle reservaran as circunstancias. Porque non ignoramos todo iso, descubrimos este moimento en recordo perenne de quen nos ensinou a querer con máis quentura a Patria de: Prisciliano, Teodoro, San Dámaso, Xelmírez, o mestre Abater, Partido de Cela, os Foncecas, Vasco da Ponte, Sarmiento de Gamboa, Ferreiro, Feixó, Añón, Rosalía, Curros, Pondal, Lamas, Carballo, Faraldo, Brañas, Bóveda é moitos milloiros máis que ficando no anonimato forxaron tamén unha Galiza máis prestixiosa, aínda que non tan ceibe e dona dos seus destínos como á concebia Castelao é temos de esixila os que aínda quedamos para pelexar no mundo.

Poide considerar, quizás alguen, que a erección de esta estatua no noso recreo social, no que día a día véñense facendo nosas manifestacións de xúbilo e de esparcemento, non podían encuadrar dentro do repeito, dentro da veneración que a personalidade do noso ilustre coterráneo se merece; sin embargo, pensamos nós, nada máis grato pode resultar ó inmortente espíritu de Castelao, que presidir estas manifestacións, estas exteriorizacións que son fillas da tradición galega, tan exaltada por él aínda por riba da mesma historia. Que mellor, que a cada visitante da nosa casa, que a cada concorrente a este fogar espiritual dos galegos, que nada nin ninguén lle podrá quitar tal abolengo mentras estemos vixiantes os pontevedreses que o fundamos é lle demós vida progresista, os recibamos a presenza venerable de este símbolo tan caro os nosos sentimentos galegos! Considerámonos con algún dereito a falar así, xa que temos sempre presente canto Castelao pensara de nós:

"Non teño ningún documento, nin tansiquera unha partida de nacemento, para acreditar a miña calidade de pontevedrés; pero se non fun consultado antes de nacer, sábese ben que despois de ter nascido escollin a Pontevedra para vivir e morrer. Non son, pois, pontevedrés de partida de nacemento, que as veces é entrar pola porta falsa; eu son pontevedrés pola miña vontade, e pola miña identificación coa terra e as xentes de Pontevedra".

É como os homes do Centro Pontevedrés temos conciencia que de náide é ó privilexio nin a honra, nin o prestixio é crédito que a nosa Patria acer-

Donas e irmáns:

Unha vegada máis, a dinámica e inqueda coeividade galega de Bós Aires, atópase reunida en fraternal xuntanza. Hoxe faino aquí neste "Pazo Galego", que a costancea e laboriosidade das nosas xentes, soaperon trocar en acollido e grato recuncho, con nome e letranzas de veilo pazó.

O motivo que nos xunta hoxe novamente, ten unha especial e fonda sinificación; e digo isto, porque coído que iste homaxe conque o Centro Pontevedrés honra a CASTELAO, e unha categórica reafirmación, de que a nosa coeividade está totalmente identificada cos que teñen nas arelas a prol da liberación da patria, o leitmotiv da súa laboura coeitiva; e pode gabarse de ser merecente de oustentiar con xerarquía, a honrosa-denomeación de Boa e Xenerosa.

Os centros Ourenseño, Lucense e Provincial Coruñés, desfiláronse pra que no seu nome, fixera uso da verba neste magnífico aito, i-ese é un honor que quero aproveitar, non pra entrar a xusgar a obra que nos diversos aspectos nos deixou en herdo o noso inmortente compatriota — iso cómprelle facelo a homes de máis outa autoridade intelectual que a miña, e quizaives en momentos máis oportunos — en troque, e doado revisar hoxe a influencia que a dita obra tivo no desenrolo da acción coeitiva do povo galego en xeral e da coeividade galega de Bós Aires en particular.

Dende a noite tráxica en que na Frouseira, caeu vencido pola treición o que por especies circunstancias convertírase en abandeirado dos dereitos de Galiza; logo da treidora deserción i-entrega ó servizo de intereses alleos á nosa patria, dos que d-un ou doutro xeito eran os rexidores do povo galego; perseguidas con maquiavélica teima todas as particularidades da nosa vida nacional; non era estrano que a galegitude esnaquizada, aldraxada e perseguida, perdiera totalmente os pulos do seu impulso orixinal e buscara na ialma do povo, a quentura gari-

dón a figura esgrevia de Castelao a toda nosa coeividade dos personaxes que viven é súfias fronteiras, invitando os repugnantes entidades para que con tarefa de descubrir ó veilo que l-ese resto, tan ben logrado polo máis eminente dos valores celtísimos Galiza; Galiza, é a Patria. Conservaremos entón, con a nóme da Coeividade a que reliquia posta na paz de este tuado neste Htoral do primeiro I amada Nación Argentina que n Paz é con Libertad, honor meirtevedreses de esta institución que a trayectoria do máis puro resplandor, sin que isto lle impida s fonda preocupación canto sinif xio, libertade é felicidade para a tria lonxana.

Castelao: Cando é héroe da



# Castelao

## Antevédres Inaugurou Galego d' Olivo

### Irman Bieito Cupeiro



BIEITO CUPEIRO

mosa que nas crases encumadas éralle negado, operándose por elo o miragre da súa pervivencia e da mañífica aprometadora renacencia actual. No soerguemento que agora ousérvase nas distintas manifestacións do ser nacional do noso país, xugou CASTELAO un xardío e decisivo papel; xa que sen dávida despóis de Rosalía e que fixo tremar con máis patriótica emoción, as frebas sensíveis do espírito do noso pobo, porque ninguén como el, soupo interpretar con máis fidelidade, con máis inimitábel restría, a súa configuración emocional. A arte, a labourea literaria e a acción política de CASTELAO, eran a xenuina expresión dos anxeos i-esperanzas, das angurias i-alegrías do pobo galego.

No tocante a influencia que a súa esgrevia persoalidade exercera na acción sociataria da colectividade galega de Bós Aires, foi ela tan grande, que logrou galeguizar ós galegos, que inda refugaban dese andacio revitalizador dos valores eternos da patria galega; por elo é que na ialma dos que antepoñemos a todo intrés sectario, os supremos intreses patrióticos, échese nos de ledizosa satisfacción, o ver eiquí emguidos polo sacro anxeo da liberdade da terra nai, a homes que cicais anñen nos seus sentimentos, todas as tendencias filosóficas e políticas coñecidas, e iso abra os nosos peitos á esperanza, mellor dito á seguridade, de que cando Galiza sexa ceibe, po-

derán convivir en fraternal irmandade todol-os galegos, pensen como pensen e sintan como sintan, soio será mester, que por enriba de todo sexan bos galegos e homes de ben.

O pobo galego que non ten inclinacións épicas nin predisposicións epopéicas, non simboliza as súas virtudes en guerreiros que ganen batallas despóis de mortos, senón en homes que coma CASTELAO tuvo de vivo a virtude de despertar concencias, e de morto a de xunquir vontades e, iste arrequentamento de forzas, permitíralle a Galiza ganar a gran batalla da súa liberdade.

CASTELAO foi entr-os emigrantes un emigrante máis inda que coma el mesmo decia, non-o foi por vocación, senon empurrado pol-as circunstancias tráxicas en que Galiza fica sumida, dend-a guerra desatada pol-os seculares nemigos das liberdades galegas. Cecais a emigración de CASTELAO, teña pra Galiza histórica e trascendental repercusión; porque eiquí é donde ten senso de continuidade o movemento de liberación, que encomezara en 1916 coa fundación das Irmandades da Fala e levadas despóis as loitas políticas polo glorioso partido Galeguista, que tan moralizadora influencia exercera no xogo noxento da tradicional política caciquil galega, e tan pormetedoras posibilidades abría pra nosa terra. CASTELAO foi un dos meirandes animadores deste movemento emancipador, e un dos que por primeira vegada na historia do noso país, levou a vos auténtica do povo galego, ós estrados políticos da capital do Estado. A súa obra doulle o galeguismo valimento e senso de universalidade, desmentindo así as torpes afirmacións dos que coidan ver na afirmación dos valores universales; cando a realidade é non embargantes, todo o contrario; revalorizando a cultura galega e todol-os atributos da nosa nacionalidade, non somentes enxerguemos os seus valores, senón que tamen, arrequentamos a cultura universal, coa aportación das


or; por iso, da in- ad e caracteriza- en dentro das no- esentantes de al- bartan a honro- asta agora cubreu o irmán Alem, do s. Castelao é a de todos nós. lexítimo orgullo é ertificámos, esta Pazo Galego", si- tado da nosa ben s deixa vivir en nde para os por- ación é percorre o país donde guir sentindo con ue honor, presti- súa querida Pa-

cumbindo ante a inmensa avalancha dos exércitos persas invasores dou aquel claro exemplo de lealdade de sacrificio en aras da súa patria, seus irmáns, reconecendo ise inmenso sacrificio, que facilitou a derrota da invasión, grabaron en letras memorables que pasaron a ser anacos de hestoria aquela leñda que mostrou a grandeza, e posou a posteridade, como sabían vivir e morrer aqueles varons que non tiñan outro norte que a liberdade e ó honor da súa patria:

"Viaxeiro, di a Esparta que hemos muerto por obedecer sus leyes". No nos importa que ti hayas morto en combate civil, que as veces é máis penoso que aqueles que se libraban en campos de batalla militar. Porque todos los galegos temos conciencia de cantos kilates tuvo a tía loita por defender a Galiza, decimos como os fillos de Esparta:

"Irmáns galegos: Ista é á evocación dun mártir das virtudes cívicas que morreu loitando pol-as liberdades e á felicidade da nosa patria".

TERRA Á NOSA!



Intre de ficar descuberta a estatua de Castelao. Máns de mulleres galegas poñendo ofrendas froraes

## Discurso do Sagredario do Consello de Galiza Antón Alonso Rios

Pra o noso grande Mestre, cada nación é un feito natural; feito que ten en si a súa razón de ser; que non lle ven facer de ningún alto de vontade, de ningún acordo, de ningún estado de opinión. Ise ser nono conquira a nación porque haxa unha lei, unha disposición do dereito positivo que así decrete i-estableza. Unha nación é o que é, de por si, intrinsecamente, substancialmente, naturalmente. Unha nación é unha nación o mesmo que un carballo é un carballo, que un piñeiro é un piñeiro, que un monte é un monte, que un home é un home.

Toda nación é o resultado do longo vivir dun povo nun ambiente xeográfico, no que, século tras século, vai afacendo a súa sensibilidade a vibrar-se ao compás da vida dese ambiente, daica deixarse moldear por enteiro, en corpo e ialma, polo seu dinamismo. De tal xeito que, a acústica da paisaxe, a arquitectura da paisaxe e a lus da paisaxe, cheguen a seren a acústica, a arquitectura e a lus da ialma dese povo.

Cada nación produce o seu propio xeito de vida material e o seu propio xeito de vida espiritual. E istos dous xeitos de vida, ista maneira total de ser e de vivir, de desenrolar e de creación dun povo, acadada na comunión

fatima e consubstanciada co propio ambiente, é o que se chama cultura nacional dese povo.

Por iso, alí onde se atope unha cultura viva e diferenciada, alí está unha nación viva, unha nación que ten o seu ser de por si, intrinsecamente, substancialmente, naturalmente; coma



ANTÓN ALONSO RIOS

obras producidas polo noso xenio nacional, que endexamáis dará de si o que ten que dar, namentras viva engadido, asoballado e rexido, por cánles alleos, e xugado por xentes que certamente non caracterizaráronse por virtudes tales coma a tolerancia, a comprensión e a reititude de xuício; senón en troques pol-a soberbia fachendosa e fofa, e o máis cerrado cerrilismo.

O guicero que hoxe homenaxeamos, adicou a súa vida o seu inxenio, todo canto poido dar de si, a loitar pol-a liberdade e pol-a felicidade do seu povo, e tamén dos povos alleos, porque a liberdade xermola en liberdade, namentras que a tiranía enxendra tiranía.

A súa obra chea de fondo e tenro contido humano, acadará cada vez máis valor, porque será cada día máis e mellor comprendida. E a chama escintilante do seu espírito inmorteiro, alumeará eternamente os vieiros das xeneracións galegas i-o valor incomparable

da súa vida exemplar, servirá pra estimular a acción dos bos fillos de Galiza, que loitan porque a patria acade as outas cumes pol-as que il tanto loitou, soñando acadar a vella ceibe. Agora soio resta que as súas ensinanzas sexan pra todos nos, coma un facho luminoso que nos marca a roita dun sacro deber, o de conquistar pra nosa terra, o pieo recoñecemento da súa persoalidade asoballada; e diante iste bronce que eterniza a memoria dun dos meirandes galegos de todol-os tempos, froito do arte e fervor patriótico dun dos nosos mellores artistas, adquirir con patria o honroso compromiso de manternos sempre fideles os seus atributos; i-o día que a alborada da liberdade resoe nos montes e nas veigas, nas terras e nos mares de Galiza, levar pra que reciban eterno descanso no seu seo garimoso, os restos deste fillo inesquencible que fixo da liberdade unha estrela nortadora, e da patria un altar.

un carballo, como un piñeiro, coma un monte, coma un home.

Agora ben: A tarefa fundamental de Castelao foi despertar no povo galego a conciencia da súa propia nacionalidade. Mais non soio espertala, como xa o tiñan tencioado os "Precursores", senon tirala das "vaguezadas" dos presentes e dos borrosos recordos, e concretala a crara lus dos conceptos, dos xuízos e dos razonamentos.

Compria arrumar, pra endexamáis, coas vellas faladurias éncol do arriedismo e do federalismo; faladurias que soio se agousaban na iñoranza dos máis, e na interesada e maliciosa "xenerosidade" dos menos. Castelao superou tan esterres discusións, e levou o problema a un terreo desbrozado dos lugares comúns, dos gratuitos supostos e dos complexos, que levaban a sosfer ambicións infundadas e inxustas e a soportar, e inda defender, torpe e iñorantemente, os máis magoantes de pexos. Castelao marcou a fogo, o mesmo a aitude petulante e fanfarrosa dos alleos, que o conformismo denigrante e suicida dos nosos señoritos e centristas.

Denantes de Castelao, ningunha concepción federalista, aplicable ao estado hespañol, se tiña establecido de maneira que respondera, dalgun xeito, a isa aitude de respecto e de acatamento, que, a razón humár, ten a obriga de imporse diante da realidade dun feito tan trascendente como é a existencia dunha nación.

O federalismo hespañol tiña a súa ollada fixa, cravada na finalidade dun millor arranxe político-administrativo, e no espantallo do arriedismo. Pra el, pra o federalismo hespañol, as nacións non contaban, e as culturas nacionais de Galiza, Cataluña i Euzkadi ficaban iñoradas.

Pra os federalistas hespañoles, con Pi Margall a cabeza, Hespaña tiña de federarse por rexións, coma o Brasil e Norte América se federaron por estados i-a Argentina se federou por provincias.

Tan esquecidos ficaban os dereitos nacionais de Galiza, Euzkadí e Cataluña, que, o Partido Socialista Obrero Hespañol, postulou e impuxo o criterio da "escola única" pra todo o estado. E Azaña chegou a decramar nas Cortes, que Castela non tiña necesidade de un Estatuto autonómico, pois, "a misión de Castela era a de falar no nome de Hespaña".

Castelao fixo e catálogo de todas istas encumidades e de todos istos despropósitos do federalismo hespañol; e, frente a isa catálogo, cuio contido contrasta cruamente coa realidade peninsular, co feito vivo da diversidade nacional, que salta a ollada máis distraída; diversidade nacional fonda e insobornable, que está no cerne da ialma de cada povo pra facelo inconfundible.

(Continúa na pág. 6.)



# Non hai Paralelo

por ANTON GOMEZ

Hoxe, onte e sempre, quen quixó merecer a adhesión dos seus semellantes, en trance de conquistar fama, debeu observar a dirección das súas máis inmediatas aspiracións e tratar de apoiálas até o fin. Sendo materia que non admite discusión, ningunha cousa hai tan urxente para criatura humana com-aquelas que se vencellan co instinto de conservación. Empor iso, cando o Rabí de Nazareth xurdiu por terras d'Ourense predicando un novo credo, antepuña nos seus sermóns como mandato divino: "Dade de comer ao famento, dade de beber ao sedento". E para que isto non fora esquecido, realizou o milagre dos pans e dos peixes, alimentando a os crecentes que seguían, seducidos, o seu verbo d'amor e d'esperanza.

Nas longas xeiras precedentes, sentimos a miúdo o arrepiño diante do desafío de moitidumes desesprezadas, cobertas de farrapos, mostrando descarnadas siluetas, en seguimento de condutores que sintetizan desexos e cispresións supremas: o pan de cada día. E si ben a sorte percorrida foi distinta en cada vici-stude, aínda a xente sensible lembra con simpatía nomes lexendarios, que a Historia consilia por haber sufrido martirio ou polo seu heroísmo.

Na xeira moderna, que culmina nun feito de trascendencia universal, cambios fundamentais operáronse na vida dos homes. Y estes, en virtude da capacitación adecuada, traguída polo progreso cultural dos tempos, non se limitan as formas vexetativas, ocupando á esca os outros temas que contemplan ao home no aspecto total da súa existencia sobre do planeta.

Os dous persoaxes de máis triste lembranza, pola funesta acción para empurrar a Humanidade a segunda gran guerra do século chegaron ao poder, nos seus respectivos países, en idios de descontento e miseria e cando era mester solucionar problemas de fame. Compréndese que ningún pretendía atopar nas ideas e nos feitos d'istes señores solucións axeitadas ao libre e normal desenvolvemento do individuo e dos povos. Compre, non embargantes, decir que denantes de berrar coa insistenza molesta iso do espazo vital, leváron algunha sensación de alivio no aspecto material a amplos señores das súas poboacións. O mesmo Primo de Rivera, na España, loxrou certa simpatía entre moita xente que cobraba na abundanza traguída polo seu goberno.

Contrariamente ao que pasa en Química, o calor non é a temperatura ideal para acelerar no home á aitividade mental ou física. Empor iso, cando un vran cheo de axitación e presaxios, as crises domonantes hespañolas, suspendidas nas súas funcións de mandar dende o advenimento da República, abandonan a súa secular modorra e procuran entendimentos no eis, tranxeiro para lanzarse a acción fratricida, no primeiro intre os desprevidos non sabían a que atribuír aqueles desplazamentos. Sua voz inicialmente confusa, seus plans ocultos conseguiron desou rentar aos simpres, que aínda creían no alento xeneroso dos sublevados; máis cando o contido dun envoltorio pulido e ben presentado empezou a descomparse, o matute ficou ao descuberto.

Dende o ano 1936, desastres terribes conmooveron ao mundo nunha proporción como endexa máis se coñecera; algunhas nacións belixerantes sufriron feridas tan profundas que o seu rexurdimento estimábase improbable. Non embargantes, a súa produción; sua capacidade e o orde imperante empurráran a grandes pasos na percura da súa total rehabilitación. Mañ, España segue ofrecendo o espectáculo desolador. E no que respecta a cuestión alimenticia, a gravidade é tanta para crase traballadora, cada vez máis acentuada, a sortir do vran sibis, bro, que ningún pode e-pricar a estratexia a que debeu betar mans xefes de familia para refaguer

cada mañán a quebra económica operada nos seus fogares o día anterior. Abonda saber que da relación entre o custe e poder adeque-sitivo xurde unha diferenza tan abultada que limita a ración de cada individuo a un terzo ou a un carto do normal. (Pola nosa parte, cantas veces desexamos averiguar como se podía vivir así, preguntando a persoas de distintas posicións chegadas nos derradeiros anos, nunca poídemos saber ben). Ademais, o pan que Cristo manda dar, alonxándose das mans do seitor máis numeroso da poboación, que é o menos potente, sóc unha parte pequena do cadro mísero, porque o desastre e a abiección chegan a todos os procesos da vida peninsular, convirtíndo a povos milenarios, de perfis definidos, á condición de tribus de primitivo ruralismo.

As verbas "salvador de España" repítense con repugnante frecuencia en xornales e radios, aludindo ao "caudillo": E o falago da súa servidume, que son cuasi todos os que presumen de saber algo naquela terra, haberlle feito crer nun simil con antergos conquistadores ou recentes espantillos; máis nós decimos que o intento de trazar un paralelo entre o "cabaleiro hispano" e — xa non mento, nin xiquera persoaxes de algunha significación — o máis ruinción do pasado ou do presente, ficaría trunco o encetar: á liña do "salvador" é tan cativa, en perfecta relación coa súa estatura de enano, que non resiste comparanza de ningunha cras.

# ¿Rearmar o Franquismo? ¿Para qué?

Dende Madrid, Basil Davidson, corresponsal de "The Nation" de Nova York, escribiu pra o seu xornal a seguinte crónica:

O exército de Franco, que carece d'equipos modernos — en realidade, de todo tipo d'equipos mecánicos —, non ten o menor entrenamento no uso das novas armas. Esta é a razón pol-a que os seus comandantes presionan aos EE. UU. pra que lles faga algúns envíos. Si mais adiante se lles pedira cooperación militar en grande escala, debería haber algúns oficiais e soldados que souperan por que buxeiro saen as balas. Todo o sistema de comando é aterradoramente anticuado, igual que o armamento. O persoal está soborsaturado de vellos xeraes. A paga dos oficiais é tan baixa que o oficial termo meio fai a súa tarefa pola mañán, e adicase a outro emprego pola tarde. A soldada anual dun coronel, por exemplo, é de 21.000 pesetas; tendo en conta que o dólar val de 49 á 35 pesetas. Os oficiais téñense por ditosos se acadan a cobrar 2.000 pesetas mensuales. Estes homes estudan pouco e mal — as leccións da guerra civil, por exemplo — e non as da segunda guerra mundial. Esta atitude non é debida a un natural outoso, pois os hespañoles non o son: é o resultado da natureza introvertida da dictadura. O estudar as tácticas británicas ou norteamericanas — as tácticas democráticas, moito menos que as rusas — sería unha treición política.

O exército de Franco é grande, pois, pouco máis que un grande número d'homes entrenados no exercicio de desafíos: en cangar fusís. O custe do seu equipamento

con armas modernas e d'entrenalos pro seu uso, sería o primeiro que habería que pagar pra pólo en condicións de loita. Mais este non sería o custe maior. Os que queren que o exército hespañol poida moverse rápidamente e outer abastecimentos do interior e do esterior d'Hespaña, terían que construír varios milleiros de kilómetros d'estradas. Os camiños existentes son como os raios dunha roda con centro en Madrid; poucos son os camiños que atravesan eses raios. Ademais, deberían construírse dous ou tres modernos arsenales. Feito un cálculo a ollo de bon cubeiro, a suma que é mester pra eses gastos sería pol-o menos 2.000 millóns de dólares.

Os ferrocarrís hespañoles dan ao viaxeiro, cecáis dun xeito máis directo que ningunha outra cousa, a sensación do tremendo deterioro do país. Non hai estadísticas ao día, máis as do 1947, d'abando correitas, poden seren aplicadas a 1950.

As vías están nun terrible estado de conservación; en 1947 fíxose o cálculo de que eran mester de 70.000 a 100.000 toneladas de raíles novos, e aínda non chegan. O número de locomotoras e vagóns en reparación é cada vez maior, e as construcións novas — nun promedio de 40 locomotoras e 200 vagóns dende a guerra civil — non acadou a cobrir as necesidades de reemprazo de material en desuso.

Namentras este corresponsal esperaba na estación de Castillejo, achegouse un alemán moravio que vñiera a Madrid como cónsul eslovaco en 1943. Camiñando pola estación, chegamos xuntos a unha liña de vagóns de carga que estaba en desvío. A caixa do etxo dun

dos vagóns comezou a fumeigar e axiña ardeu en chamas. Como ningún se preocupaba d'apagar o fogo, o alemán dixo prudentemente: "Deben habelo acendido con algún motivo; non fagamos o papel de parvos". Dirixíronse entón ao xefe da estación, que estaba lavándose as mans, mais non outiveron resposta. Unha vegada que finou o lavado das mans, o xefe vultouse a súa oficina, dicindo por sobre do hombreiro que as caixas dos eixos s'incendiaban a miúdo, pro que o fogo apagábase só, axiña finaba o petróleo.

"Á ten vostede —dixo o alemán—: isto é Hespaña. Hai un incendio e ningún se preocupa por apagalo".

Si todo o diñeiro que é mester pra equipar, entrenar e transportar ao exército hespañol fora asinado por Estados Unidos e poíderá sere gastado eficientemente pese á corrupción da administración hespañola, seguiría en pé a pregunta: ¿Sería un aliado útil o exército de Franco? ¿Despois do gasto de 2.000 millóns de dólares nun prazo de cinco anos — o menos que pode pedirse — sería capaz este exército d'ir ao campo de batalla nunha terceira guerra mundial? Pode afirmarse que é cuestión d'opinión, mais coido que non é así. O factor da moral non é realmente un factor dúbido. Tendo en conta a tradición e o carácter hespañoles, un exército peninsular loitaría decote por Hespaña. Mais hoxe, loitar por Hespaña é loitar por Franco, e o réxime de Franco fracasou por certo en atraguerse a lealtade de máis dunha pequena minoría do povo hespañol. Esta minoría, ademais, non está composta de xente que loitaría. Existe a abrumadora evidencia de que a gran masa do povo — e polo tanto a gran masa dos soldados, armados ou desarmados, con ou sin tanques — non ollan na dictadura de Franco outra cousa que o símbolo do seu desesperado empobrecimento. E demosiado pedir que un exército así loite polos seus opreixores.

máis grandes degoiros, o "Patronato da Cultura Galega". Todo isto é outamente significativo. Conveñamos, irmáns, en que ista parte da vida e da obra do noso Castelao, anuncian un mañán da gloria. Un mañán no que, a súa figura, ergueita e luminosa coma un faro, seguirá guiando os destinos da Patria xa redemida e dona dos seus destinos.

# Discurso de Antón Alonso Rios

(Ven da páx. 5).

dible e pra salvado de todo intento asimilista. Frente a ise catálogo, repito, asentou Castelao unha nove escada de valores.

No primeiro canto dista nova escada de valores, puxo Castelao ás nacións co seu atributo esencial: a cultura peculiar de cada unha delas. Atributo inalienable e incompatible de criterio da "escola única". Cada cultura quere a súa escola; unha escola cuia forma e cuio contido sexan axeitados pra o seu máis folgado desenvolvemento.

No segundo canto, colocou o federalismo. Federalismo que ten de ser internacional; e non inter-rexional, nin interprovincial ou inter-estatal. Nin, menos aínda, unha organización descentralizada do estado con delegación de parte das súas facultades en relacións autónomas que teñan de gobernarense por estatutos condicionados e aprobados polo poder central. Tal é o "federalismo" da segunda República hespañola, cuas Cortes aparecían presididas pola figura dos Reis Católicos.

E, no terceiro canto, Castelao establece o deslindamento dos intereses que son federables, dos que non o son.

Unha nación pode delegar parte da súa natural soberanía, e subordinala a autoridade dun Consello federal, do que isa nación forme parte xunto con outras nacións. E ilo elle lleito facello cando tal delegación da súa soberanía non compromete o libre desenvolvemento da súa vida espiritual; máis non no caso contrario.

E crara a comenencia que pode resultar pra todo povo da súa integración federativa en amplias unións de intereses económicos e político-administrativos. A medida que ista unión media e comprende máis povos, a riqueza medra parella co milloramento das condicións de mobilidade dos produtos, dos medios de produción e da xente. Hoxe, ben sabemos todos, que se olla ao sistema federalista coma unha panacea pra poder ir acercándonos a un mundo onde reinen a comprensión, a cordialidade e o benestar.

Castelao ensinounos, que Galiza, non soio pode, e debe, formar parte dunha federación das nacións que hoxe abrangue o estado hespañol, senon que, ademais, debe propenderse a que ista federación comprenda toda a Península. E Castelao díxonos, que nunca debemos ollar nos Pirineos nin na auga que arrodea as nosas terras, unha barreira posta a nosa solidaridade cos outros povos que ficam máis

alá disas orelas, por máis lonxe que lles se atopen de nós. E nós podemos decir hoxe, con certeza, que os povos que arrodean o mundo, non son tan alleos, pois todos iles, diante das estampas da "Galiza Mártir", souberon comprender a nosa door. E non soio a souberon comprender, senon que tamén souberon ollar nisas estampas, a representación da súa propia door.

Máis non sempre lle é doado a unha nación delegar a súa soberanía sin atentar contra a propia esencia. Leiqui ven o caso da cultura, que, como deixamos dito, é o atributo esencial de cada nación.

Non atopamos ao longo da historia federacións culturais. As culturas non se federan, como o fan os intereses económicos. Cada cultura é unha unidade; e como tal unidade, pode recibir ou dar orientacións e recursos téncos en relación con outras culturas. Mais, no esencial, toda cultura vive de sí mesma. Alimentase da paisaxe e da sensibilidade do povo que a produce, e inspírase na súa tradición.

Unha cultura é sempre, sempre, o tecido máis delicado, máis sublime e máis enxebre da alma nacional dun povo.

Unha nación que renunciara a súa soberanía encol da propia cultura, sería unha nación suicida.

E veiqui, ao que Castelao deixou reducido o vello tópico do arredismo galego: A unha face esquecida ou menosprezada polos federalistas hespañoles e os seus oponentes: A defensa dun dereito inalienable de toda nación: A proclamación da soberanía cultural, absoluta e intransferible, da Nación Galega.

Se os galegos nos opoñemos ao sistema unitario e centralizado de goberno, e postulamos unha organización federal baseada no dereito natural das nacións que integran ou teñan de integrar o Estado Hespañol, non, por iso, se nos pode acumular de separatistas. Ilo sería decir todo o contrario da verdade. Mais, enténdase ben, os galeguistas programamos o noso arredismo no tocante a cultura. Os galeguistas, sin distinción de partidos, e os galeguistas alleos a todos os partidos; nunha verba: os patriotas galegos, afirmamos e sostemos que, a dirección da cultura galega, o mesmo que a organización do insino do noso povo, en todas as ramas i-en todos os grados, é función exclusiva da Nación Galega.

Os patriotas galegos, que seguimos os insinos do grande Mestre que nos

guou en vida, e que nos sigue e seguirá guiando dende a inmortalidade, consideramos, e consideraremos decote, que constituie un atropello ao noso dereito natural, toda intervención dun poder alleo, dun poder non galego, nos nosos asuntos culturais. E denunciámolos, coma un crime de lesa cultura, o tencioamento, que aínda hoxe persiste, de afogar a alma nacional galega, pra trocar a vida espiritual do noso povo nunha imitación ou nun refreixo da cultura castelán.

Hai que por de bulto, que nas esencia da galegidade, ao lado da fala e do arte, está o noso sentir democrático, sentir democrático que se concreta no recoñecimento de dúas categorías de valores persoales: a personalidade humana cos dereitos individuais; e a personalidade da nación coa súa soberanía natural. E diste sentir democrático, categorizado pola comprensión ben requilada dos valores morales, e por un outo senso da difidade, tanto individual coma colectiva, xurde, casi dun xeito fadal, o que a forma de goberno que aos galegos máis nos acomode sexa a república democrática.

Castelao consagrou a súa vida enteira ao rexurdimento da Patria Galega. E como Castelao era esencialmente un patriota e un artista, puxo o seu xenio de artista ao servizo do ideal patriótico. Por iso Castelao foi un artista civil, que soubo chegar ao máis fondo do corazón e da alma do povo por medio dos trazos do seu lápis.

Cada un dos dibuxos de Castelao é un libro aticgado de insino.

Castelao fixo a súa labouira onde queira que estivere, seguindo sempre unha idea fixa: a redenzón da Patria. Eu soio quero, pra por fin a istas verbas, chamar a vosa atención sobre da obra cumprida por Castelao eiqui entre nós. Eiqui dou remate as dúas obras fundamentais "Sempre en Galiza", que é a biblia do galeguismo, e o Libro das Cruces, isa obra monumental, que xa percorre o mundo. Baixo a súa inspiración reapareceron na América as institucións do rexurdimento galego: as irmandades, o periódico A NOSA TERRA, a Editorial "Nos" e os Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. A súa predica e o seu exemplo puxeron en marcha a Galiza emigrada, nun movemento de afevoado patriotismo, en procura da reconquista da personalidade nacional galega.

E, coma coroamento de todo, amotrarse no abrete, a maneira dunha aurora cangada de promesas, un dos seus

## ENTIDADES ADERIDAS

O AITO DO CENTRO PONTEVEDRES

Consello de Galiza, Centro Galego de Bós Aires, Federación de Sociedades Galegas, Casal de Cataluña, Centro Lucense, Centro Ourense, Centro Provincial Coruñés, Irmandade Galega, Agrupación Celta, A. B. C. de Corcubión, Fillos de Silleda, Círculo Social Val Miñor, Audición Recordando a Galicia, Parroquias Unidas do Axto. de Rianxo, Círculo Vigués de Bós Aires, Fillos do Partido de Negreira, Parroquias Unidas de Cotovade, Residentes do distrito de Rodeiro, Agrupación Galicia, Residentes de Portas, Centro Salceda, Asociación Partido de Lalín, Centro Barbanza, Resid. de Mos, Rianxo e Taragoña, Fillos de Etiénar, Centro Sanxenxo-Villamarín Peroxano, Soc. de Golada, Unidos de Sada, Resid. de Lobans e o Centro Cultural Betanzos coas súas seccións artísticas, Conxunto Coral e de Danzas, e os periódicos "Galicia", "Opinión Galega", A NOSA TERRA e "España Republicana".





"GALICIA" órgao da Federación de Sociedades Galegas, con data 28 de febreiro p. p., comenta o editorial de A NOSA TERRA do mes de febreiro e fáio nun ton un tanto en nebulosa, como pra lér antre liñas...

Nós, que tamén xogamos un pouco a política, non se nos escapa que a Federación é povo, auténtico povo, sí señor, mais outro tanto podemos decir das diversas institucións que compoñen a coeividade, salvo craro está, que o editorialista de "Galicia" non pense doutro xeito. E no que respecta a que se subestime aos homes da Federación pras labouras galegas de conxunto, coidamos de todo punto de vista inesáito por canto, todol-os orgaismos representativos da nosa coeividade teñen asiñado un posto de traballo nesas labouras, e si alguén non-o ocupa, non será porque non foi chamado.

E a outra cousa: Estimamos dun pésimo mal gosto e susceptible de moi diversas interpretacións, que un colega galego, neste caso que nos ocupa en "Galicia", comenten o editorial de A NOSA TERRA trascribindo parte da tradución ao castelán que como ninguén iñora, a devandita tradución do editorial corresponde a unha disposición das autoridades deste país para publicacións en idioma estranxeiro e que nós gostosos acatamos máis que de ningún xeito é o idioma de A NOSA TERRA, nin coidamos que o sexa dos lectores "pueblo" como tan arrufadamente chamaban os seus dirixentes a masa federal.

UNHA "SOLICITADA" QUE FAI RIR...

O siños Badía di n-unha churrasqueira "solicitada" que il non foi a embaixada... que foi o vice-presidente do Centro Galego... De maneira que pra Don Ricardo Badía, a vice-presidencia do Centro Galego, que il desempeña, o mesmo serve pra un barriño que pra un fregado; o mesmo serve pra rendir homenaxe falanxista que pra rendir homenaxe galeguista-republicana... A quen ten tan absurdo e estivo conceto do cárrago que desempeña, débelle fallar tempo pra o renunciar...

diculo. De maneira que o Sr. Badía coma persoa repudia o que fixo o Sr. Badía coma vice-presidente do Centro Galego?... ¡Atádeme isa mosca pol-o rabe!... Porque iso, e non outra cousa, e a esencia de sua luminosa "solicitada", na que di que a embaixada non foi Ricardo Badía que sigue sendo republicán e democrata, senón o Ricardo Badía vice-presidente que se viu forzado (¿por quén?) a cometer isa mala acción... Tan coitadiño foi, que se lle non ocorreu irse o balneario de Salada, imitando o presidente titular, que, intelixentemente, soupo irse o balneario de Mar del Plata pra non ter que faguer coma presidente o que il repugna faguer coma persoa.

COUSAS D'ESPAÑA. En Madri, sí señores, en Madri inaugurouse con bombos e prutillos o novo edifizo da Escola Española d'Inxeñeiros Navaes, cun custo aprousimado de nove millóns de pesetas...

Naturalmente, non fallarán os mal pensados que se preguntan, que cornos pinta a Escola Naval na vila do chotis; máis fagamos historia:

Por real decreto de Carlos III, creouse no ano 1770 na cidade do Ferrol o Corpo d'Inxeñeiros de Mariña, corpo que no 1898 pasou a chamarse, "Corpo d'Inxeñeiros da Armada.

No ano 1931, pechouse pra reabrirse no 1933 en que foi trasladada a vila do oso e o madroño estabrecéndose na rúa O'Donell de onde pasou ao novo edifizo ubicado na Cidade Universitaria.

Como vedes, a Escola de marras viaxou do mar a meseta e coidamos que os hespañoes facendo honor ao seu probado senso común na difícil arte de gobernar, saben d'abando o que fan...

Mais, é o mar?, —preguntaránse os eternos descontentos—, porque non pretenderán os madrileños estudar técnica naval, sen ter pol-o menos o mar a vista? Pro como neste picaro mundo todo é relativo inrusive o mar e a eficiencia da Mariña hispana, os bons dos hespañoes coidan que co regato do Manzanares vanse ir arranaxando...

E XA QUE DO MAR FALAMOS, aí vai unha anéidota moi pavera:

Nun povo da provincia de Logroño, un vilengo preguntoulle ao alcalde, como era o mar, i éste, —que tampouco o coñecía— pra dárse d'entendido diante do seu paisano espetoulle con moita aquela: ¿El mar? El mar é mu grande, mu grande, pué sí te digo que és como quince veces de grande como la represa del pueblo y entuavía me queo corto, está dicho too...

PRESENCIAS NOXENTAS...

N-un aito de outo releve e de fonda significación, — e descubremento da estatua do glorioso e inmorrente Castela no Paso Galego do prestixioso e benemérito Centro Pontevedrés, — apareceron algunha figuras que certamente desentaban no conxunto de tantos e tantos centos de bós e xeneiros patriotas que ali acodiran a lembrar con afervoramento ao esgrevio guieiro da galeguidade.

Varías son as que teriamos que sinalar; mais limitáronos a duas que, sobor da falla de delicadeza de acodir a ise aito, que moralmente lles istaba vedado, tiveron o desenfado de se poieren en sitios destacados. Un d-éles, loble "ex", que furou pol-a tribia diante até colocarse preto do micrófono, aparecendo así a veira dos ora-

dores, finxindo sentírese solidarizado ca eisaltazón que se fagña de Castela... il, o ex-presidente dos panadeiros i ex-vice presidente do Centro Galego que tivo o aviltamento de decir un día en Mar del Plata que si Castela seguía meténdose cos homes da "Celta" il o faría deportar do país... O outro... o inefable actual vice do Centro Galego, o celta Don Ricardo que poucos días denantes luxara o cárrago que desempeña e tamén seu prestixio persoal co creto da sua Agrupación, acodindo a embaixada falanxista a lle faguer xenulleisios sorridentes ao persoeiro do caudillismo, a brindar campechanamente con il e con saboroso xerez pol-a "Una, Grande e Libre"... eli istaba fachendosamente, con desenfado, — ¿ou inconscencia?—, collendo unha das cintas que, o presidente do Centro Pontevedrés siñor

Írores, Bagoas i Espranza...

(Ven da páx. 2).

que se agostaron en prena primavera. A todos íles "fixoselles de noite na metade do día"... Porteiro Garca, Leonardo Rodriguez, Lousada Dieguez, Lago González, Xohan Viqueira, Amado Carballo, Manoel Antonio e tantos outros. ¡E agora Antón Vilar Ponte!

"Este vaise i-aquel vaise. E todos, todos se van; Galiza, sin homes quedas que te poidan traballar".

"PRIMEIRA MAN AMGA"... Por luminoso vieiro, Antón Vilar Ponte vai pra o ceo. A se xar.

Procede marcalos a fogo

(Ven da páx. 1).

día fixo un viaxe á Galiza e abofé que voutou máis ledo cun Pepe. Viaxou, veu, comeu ben e de todo aquilo que a un turista indiano co peto ben forrado lle pode apetecer e que o povo, o desventurado povo non pode levar a boca dende o tráxico ano 36. ¿Terá algunha relación o viaxe de Don Ricardo co viraxe cara ao falanxismo?

Sexa como queira, nós non estamos dispostos a crer na parvés mental do señor Badía, crémos, sí, que cando un home como él, que gozou perante moitos anos do creto e o favor do eleitorado galeguista e republicán do Centro, que o levou a ocupar o outo posto que desempeña no goberno da institución, pol-a sua noxenta conduta merecería que se lle acusara co dedo, ante á opinión pública da nosa coeividade, de treidor e falanxista.

Agora o que compre saber é a atitude das Agrupación "Celta" e "Galicia" neste repudiabel episodio, por canto o seu silencio, significaría á aprobación e solidariedade cos culpábeis, e moi especialmente nos referimos a primeira das nomeadas por canto lle afeita dun xeito especial tratándose precisamente dun conspicuo dirixente que, compre decilo, co seu prestixio de republicán e democrata, máis doadamente contribuiu a darlle a Agrupación esa tona republicán de por sí, un tanto enfriada e confusa que decote caracterizou a homes de "Celta".

Teñen pois a verba, as Agrupacións "Celta" e "Galicia".

Rey, con voce ben crara, brindou o PRESIDENTE do Centro Galego pra descubrir a estatua do inmorrente Castela. Coidamos ca intención do siñor Rey foi ben crara: il sabía que non estaba no aito o Presidente do Centro Galego, e quixo, con elegante habilidade, seguramente, evitar que o vice moralmente invalidado pra tere ise outo honor acodise a collar a cinta. Mais non contou ca capacidade de "capadurismo", e así se viu con asombro como se adiantou a profanar o aito o aludido vice tirando, — ademais con insolente ostentación—, á-unha das cintas que descorreron o pano que cobría a estatua. Os demais presidentes de entidades, bós patriotas galegos e rexos republicáns, non poideron menos de sentírense magoados e con náuseas...

DUAS ADHESIOS...

No dito aito, deuse conta de soio dúas adhesios individuais: a do "popo" de Lalin Don Xose Neira Vidal e da do esgrevio poeta, luminoso escritor e mago Don V. Martínez Raqueiro. Xa que íles tiveran o decoro de non asistir, tamén se poido certamente habere omitido o mencionar as suas adhesios, pois ben se sabía que non eran máis que protocolares, xa que é publico e notorio que amos a dous se luxaron fagüendo críticas do noso Castela e que iste, pol-a sua parte, os tiña marcados co seu máis preno desprezo...

Por respante o Guieiro morto compre que se mantexan os campos ben definidos e que cad-un esté no que lle corresponde

tar con aquiles seus irmáns que o precederon na viaxe sen volla. ¡Qué todos íles, por "bós e xeneiros", por fillos fideles de Galiza, están no ceo! A veira da santa Rosalía, dos profetas Pondal, Murguía e do apostólico Curros. Cos brazos ben abertos o agardan. A diviña rula Rosalía, adiantase a bicalo no meío da fronte; sua é a

"Primeira man amiga que o emigrante estreita..."

¡E faise o milagre de que todal-as feridas e mágoas do irmán que chega, quedante, co aquil bico, ben guaridas!

Xá é un máis a ollar dende o Alén cómo cumprimos coas nosas obrigas de fillos da inmorrente Galiza.

"CANDO ALUMEE O SOL!"

Aunque te fuches irmán, sigues ficando con nós. En todo galeguista voltas ti a refroreecer.

Cando a nai Galiza chame por tí, cada un de nós lle responderá: ¡eiquí es lo u! Isa ha ser a túa gloria.

E mañán, cando alumee sobor da Galiza o sol da liberdade, cando os teus sonos secan fermosa nos lidade, terás o teu moimento nos belidos xardis da Cruña, preto de Curros, e ali iremos os galeguistas a decirche: ¡Irmán Antón, eiquí nos íles! e saudarémste coas verbas simbólicas: "¡Terra a nosa!"

Namentras, os galeguistas hómoseche de velar o teu sono; o noso corazón ficará enloitado e máis de unha bágoa de irmán á caír sobor do teu sartego sagro.

Namentras, os galeguistas espatriados, mandámoseche por riba do mare ílas verbas: "¡Durme docemente irmán. A túa sementeira está xermolando. A Galiza ha ser libertada. Xuramos sobor do teu cadaleito manter alendido e outo o sagro fuchu que tí nos deixas. Durme docemente irmán!"

Galiza i-o Turismo

Por BIEITO CUPEIRO

As correntes turísticas, foron en todol-os tempos unha importante fonte de recursos pra a maoria dos países europeos. N-efecto, habendo sido os máis d-íles puntos de conxunción de razas e civilizacións, que reflexaron en moitedume de moimentos os perfils espirituales constanciales a cada unha d-elos o cal unido a fermosura e diversidade dos paisaxes, e o tempero dos climas: convirte en lugares ideais de proveitosa atracción turística.

Galiza posue pra ser un gran centro de turismo, inmejorable características, xa que non soio e dona dunha paisaxe pouco me-nos que de escecional fermosura, senón tamén, por ter no seu seo unha das cidades monumentales de máis outa gravitación no desenrolo da civilización ocidental cangada co feitizo de secutares tradicións, de lendas, de historia. A pesares de estar o chan galego empoucado no mar Atlántico vieiro de todol-os países do mundo, non acadou endexamais importancia turística. ¿Razóns? Moitas e das máis distintas crases, ás cales non é alleo o réxime de colonia-ke que sofre o noso país, baixo o cerril centralismo mesetano.

Cando a situación político-económica do mundo permitía a calquer viaxeiro, o traslado duns a outros países con relativa facilidade; eisistía en España un organismo oficial denominado Patronato Nacional de Turismo, encarregado de imprentar i-espallar material de propaganda, guías de turismo, e todo canto poidera facilitar ós viaxeiros o aceso e traslacion os distintos lugares a visitar. Pra o devandito Patronato — como non podia ser d-outro xeito tratándose d-un organismo do estado centralista — non ostante a calificación de "nacional", non eisistia mais España que a España de secano: Madri, Avila, Toledo, Sevilla, Córdoba e Granada; eran os puntos neuráxicos das "belezas" hispanas. As atristuradas e decadentes cidades dunha Castela que soio lle queda a gabanza de discutibres glorias pasadas, e o ridículo pintoresquismo andalus; eran e son "la esencia de lo español". A tal extremo chegaba o desprezo e descoñecimento que dos verdadeiros intereses nacionais facia o Patronato Nacional de Turismo, que aconsellábase ós turistas americanos — inda que viaxaran en barcos que tocasen no porto de Vigo — o desembarco no porto de Lisboa, pra favorecer con elo o aceso ás "Belezas" da estepa.

Inda que dende fai alguns anos o descoñecimento endémico que dende séculos viñan padecendo ás xentes de secano, no tocante a belezas da paisaxe galega, e ás ledizas do seu clima, vai desaparecendo, cal o pon de releve o feito de que cada ano sea meirande a cantidade de xentes que vranean nas nosas cidades e vilas costeiras; a España oficial sigue sin decatarse do gran valor turístico de Galiza, a pesares de ser cada ves meirande a necesidade que ten de outer divisas, e ser o turismo un dos poucos recursos que dispoñen pra conqueras; por todo elo, non nos chama á atención ler nun dos "pasquís" falanxistas que se imprentan no país, noticias que anuncian a próxima chegada á España de secano, de gran cantidade de turistas ingleses; namentras cuáseque a veira, unha pequena e angurianta nota, dando conta dos esforzos que fai o goberno civil da Cruña, pra atraguer á dita provincia, os turistas que atemperen un pouco o crecente melear económico que se sinte. "Olé y viva España". Namentras os galegos sosteñen coas gabelas que pagan o Estado — que non son pequenas por certo — os orgaismos "nacionales", que teñen a obriga de fomentar por igual todo canto poida ser beneficioso pra as distintas nacións que o Estado rixe os galegos si algo queren, hano de lograr pol-a sua conta, cos seus diñeiros e cos seus esforzos, sin que os orgaismos estatales poñan da sua parte o máis pequeno intres en axudal-os. Bonita maneira por certo de enxerger a riqueza nacional, e bonita maneira tamén de dar a coñecer as verdadeiras, as lexítimas Hispanias, que non poden estar personificadas pol-os desertos esteparios de Castela, nin as covas xitanas do Sacro Monte e do Albaicín. Decote quéixanse os de secano, da incompreñsion e descoñecimento que no tocante a España houbo sempre no estranxeiro! Pero como non han descoñecido, ceta os alleos si empezan por iñoral-a os propios naturales! Ista son cousas de España, isa España fomentada, desconxurada e tráxica, a que un feudalismo anacrónico, asentado na soberbia fachendosa dun pobo decadente, mantén na escravitude e no máis vergoñento atraso, empeñándose en iñorar as verdadeiras conformacións da Península coa diversidade de nacións e de cuturas, emporiso Galiza vive esquencia de si mesma, ao servizo de intreses alleos, sumida nun verdadeiro coloniaxe, até que poida enxerger o seu propio goberno que a trocará da actual indifididade, nun país culto e fartu-mento, como é de esperar dun pobo que ten na perseverancia laboriosidade, as virtudes máis e caracterizan



### PRINCIPIOS DO GALEGUISMO

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidade.

# A NOSA TERRA



(NUESTRA

PATRIA)

Déspotas insensatos,  
forzá, forzáde grillos  
Pode oprimir o ferro  
Un corpo enfracuecido;  
Mais as nobres ideais  
E gloriosos instintos...  
Eses... non pode non, o duro  
Nin a morte extingullos.  
[ferro,

EDOARDO PONDAL

Ano XXXIII — Núm. 476

BOS AIRES, MARZAL DE 1951

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## “O Principo e o fin Aseméllanse”

Andaban aqueles tempos de fñorado hourizonte cando as xentes sinxelas e puras lavaban a suas máis simpres inqedanzas na veira de un maino regato ou rezaban de xionllos diante da lua chea no cume da medianoite. As ondas do mar das Casitérides bouraban tenaces contra dos penedos dos fisterres. O vento do nordeste zoaba inxeito por entre a carballeira preta do Pico Sagro.

Nin tansiquera un viaxeiro viñera avisar que unha inmensa cidade andaba a sementar a morte noutras terras con instrumentos atroces.

Nunca falaban de loitas aqueles homes de outro país que aparecían en barcos incomprensíbeis ao fin de cada primavera.

Galiza era unha terra que vivía en paz consigo mesma e non tiña nemigos.

Non sabemos se foi certo que deica Galiza chegou algun balbordo marcial de Numancia; e moi probabel que a xente de algun de ambos Viriatos imprimira no corazón e na paisaxe a labarada bermella da morte.

Xa non o Senado Roman, senón que eran as tropas de César que continuaban unha vella historia de avencellamento de países, as que chegaban as portas da Patria. Levaban séculos as tropas de Roma pelexando na Península, e a Península Ibérica no se rendía.

As mellores, as únicas tropas militarmente orgaizadas loitaban anos e lustros pra poder conquistar unha cantidade de pobos sin cohesión e sin armas que comparasen as nemigas.

Séculos durou a conquista de unha Península Ibérica formada por moitas patrias que non tiñan máis relación que a que impuña a veciñanza, que non sempre era cordial.

A conquista roman nunca foi totalmente completa.

Xa temos a Hespaña única, dividida en cinco provincias, incluíndo a Mauritania, pero todas elas baixo o soio mando do Emperador de Roma. A Península Ibérica responde a unha soia voz que é a voz do César que mantén nela un exército ben disposto con meios tácticos da derradeira hora.

Así continúa deica o século V despois de Cristo cando aparecen os bárbaros do Norde que logran a conquista nun paseo sin resistencia. A Hespaña única foi derrotada en poucos meses.

A esencia étnica primitiva comenzo a ausorver e conquistar aos conquistadores, paseniñamente e a traves do tempo e nos derradeiros tempos arriáns xa as nacionalidades de hoxe estaban definidas e craras. De feito independentes.

O terceiro concilio de Toledo marca de novo unha pauta, pode ser que sin pretendelo, de

por

RAMON DE VALENZUELA

outra unidade de Hespaña e os reis que suceden a Recaredo teñen como ousesión o poder da Península enteira.

Hai unha Hespaña única nos tempos de Witiza, tan única que o seu sucesor, D. Rodrigo, asegundi o cantar, ten que se ir a facer penitencia a Viseo.

Os árabes entraran en esa Hespaña, feita a presa e contra da Natureza, que a tomaron por asalto e a invadiron sin atopar resistencia.

Pero o Povo, os Povos, cada un de por sí, son eternos e teñen vida e alma. Así, outra vegada, paseniñamente, pouco a pouco, se van refacendo aqueles reinos que deran orixe a Galiza, Castela, Cataluña, Navarra, etc., etc. Cada un con vida propia, con vida de seu, e cada un de por sí, non somentes contivo, senon que foi acurrunchando ao invasor daquel outro reino visigodo.

Moitas foron as veces que os

cristiáns loitaron entre si, e por certo non coincide con debilidade fronte ao nemigo de relixión.

A potencia peninsuar estaba cando cada reino era moralmente forte de por sí.

O tempero destes reinos crebase co casamento de Fernando de Aragón con Isabel de Castela. Este reinado, ademais coincide con ideas novas en todo Occidente, que así como no arte se chamou Renacemento e na relixión Reforma no orde político chamouse Nazionalización.

Nas terras de Carlos V non se puña o sol. Nos Países Baixos, en Francia, en Italia, na América...

En Hespaña petan as armas dos Comunes de Castela e das Germanías de Valencia. Galiza aínda estaba sangrando pola ferida da Frouseira.

Felipe II move guerras en todo o mundo, non todas herdadas do seu pai. Dentro queima homes en Salamanca, Sevilla e Valladolid. Fora guerra en todas cantas direccións podía marcar a mai complicada rosa dos ventos.

Ten moito quen lle axude a desangrar o imperio. Alba, Farnesio, Granvela, Don Juan de Austria, etc., etc. mais él é o centro de todo e forma unha Hespaña unida totalmente. Unha Hespaña unha, grande e temida composta por unha Galiza arruinada, unha Cataluña mísera, unha Castela desesperada. Ademais, foi cego diante as novas conquistas en América.

Entre os Reis Católicos, Carlos V e Felipe II consumiron, gastaron o desfixeron todo canto as nacións ibéricas tiñan xuntado a traves de séculos, cada unha de por sí.

Dos reis seguintes da casa de Austria non hai nada que falar, chamalle idiotas sería facerlle moito favor.

Do primeiro dos borbóns e das suas treicións poden mellor falar os catalans. El e os sucesores, feitos ao xeito francés de Lois XIV e do “Estado son eu” chegan a crearen unha Hespaña única e indivisíbel que culmina en indivisíbel nos tempos de Carlos IV.

E o intre propicio pra que apareza Napoleón no ano 1808 e faga por toda ela un verdadeiro paseo militar, como pasearan os visigodos, como pasearan os árabes.

E foi cando, pouco a pouco os povos empezan a mirar a realidade e acuden a mesma natureza da Terra, que fai deir a D. Pío Zabala na sua Historia Contemporánea textualmente: “Acuden al federalismo instintivo y tradicional que brota aquí en los grandes peligros y en los grandes reveses.”

Galiza xunta ao Reino en Cortes, Galiza ten a sua Xun-

### No Centro Ourensán

NOVA XUNTA DIREITIVA

O 10 do mes en curso celebraron eleccións e Asambleira o Centro Ourensán, a benemérita entidade que tan afervadamente mantén alencido o facho do máis nidio patriotismo galego.

A situación da Xunta, presidida certamente polo bo i entusiasta patriota Don Antonio R. Rodríguez e da cal era intelixente segredario xeneral Don Valeriano Saco, mereceu a máis plena aprobación dos asambleístas.

Pras eleccións houbo unha soia lista que estaba encabezada polo merito e xa ben probado home Don Alfonso Fernández Prol, coma presidente, a quen lle auguramos unha brillante actuación.

O pechar esta edición aínda non coñecemos a distribución de cárgos e sub-comisións da nova Xunta, de maneira que nos reservamos dar a nómina completa no próximo número. Por hoxe limitámonos a felicitar afervadamente a os novos directivos. Esí mesmo engadimos nosos quentes aprausos aos que lles foron tributados aos membros saíntes.

### Creación dun conxunto teatral galego

O día 12 de próisimo mes d-Abril presentarase por primeira vez ante a colectividade galega o conxunto artístico denominado “Lugris Freire”, orgaizado polo Centro Provincial Cruñés, co gallo de cumprirse as bodas de prata da fundación da entidade. Dita presentación ción, así coma un aito cultural galego en homaxe ao fundador do Rexionalismo don Alfredo Brañas, a máis d-un gran banquete, terán lugar no salón da Federación de S. Galegas, rua Chacabuco 947.

Os orgaizadores deste cadro artístico tiveron en conta pra levar a práctica a sua orgaización, o sensíbel valdeiro que até o d-ahora eisistiu na nosa colectividade, no que a actividades artísticas se refere;

## Lealdade Salvadora

por ANTON ALONSO RIOS

O sentimento da Terra, decote presente nos galegos emigrados, vai alumeando, cada día con máis craridade, e roteiro que terá de levar á nosa colectividade a dar cima a grandeira empresa que o destino lle ten asignada.

O significado disa grandeira empresa aínda non foi eisposto e difundido de xeito que poida informar doadamente á opinión xeral dos nosos conterráneos. Non embargantes, a lealdade á Patria fainos sentir aos galegos unha obriga común encamiñada a sua defensa e a sua eisaltación. Con devoción afervada rendémolle culto nas grandes datas nacionais, e recordamos con amor e veneración aos hérois, mártires e bultos ilustres que a defenderon, que se sacrificaron por illa, e que lle deron gloria coas creacións do seu xenio, coa sua sabencia e coa sua conduta exemprar.

Ista lealdade a Terra é a pedra de toque do sentimento nacional galego. E coma unha piadade filial, de fillos, se cada mal avidos entre si, mais que todos se atopan xunguidos i empurrados polo mesmo sentimento e polo mesmo interés, solidario e increbábel, diante do fogar paterno.

Mais ista solidaridade sentimental, soleira firme daquela grandeira empresa nacional que o destino nos ten deparada, ten de ser alumeada i ergueita ao prano do entendimento; ten de ser trocada en solidariedade conscente, que saiba de saíba de si mesma. Ten de ser trocada en solidariedade razonada que saiba ollar no noso pasado nacional as causas i os fundamentos que determinan o futuro da Patria Galega e lle prefixan os seus liñamentos xeraes.

Cada día temos máis amostras de que os problemas, que xurden da repacencia nacional galega, conqueren unha meirande área na zona do entendimento. Falta dunha propaganda axeitada, as nosas xentes intúen ou presinten o mañán da Patria i as nosas obrigas encol dise mañán. E máis, direccións arredadas ou opostas, en núereos colectivos, tómanse parellas ou concurrentes cando feitos de fondo significado nacional chaman as portas do noso sentimento e poñen en función a nosa lealdade coa Terra.

Hai unha evidente predisposición na colectividade galega pra acadar o prano razonado do noso futuro. E, a base disa predisposición, afinca na lealdade salvadora que cada galego emigrado leva no mesmo cerne da alma, mais ou menos tapada coa bruxa dos prexuízos e, sobre todo, pola ignoranza do noso pasado nacional. Mais que, endexamáis deixa de responder aos chamados do patriotismo.

Temos de cismar nista lealdade salvadora, e ollar o camiño mais axeitado pra que o noso amor a Terra froreza en comprensión das nosas obrigas nacionais.

E, os patriotas galegos que vimos loitando ano tras ano polo rexurdimento da Terra, temos, hoxe mais ca nunca, unha grande e pesada responsabilidade enriba das nosas costas; pois, os que sofren asoballamento na Patria, teñen a ollada posta en nós, na espera de que saíramos levar a cabo a tarefa que iles están imposibilitados de realizar. A nosa responsabilidade é grande, moi grande; iste intre é de fundamental trascendencia, e nil a Galiza emigrada ten de xogar un papel decisivo na produción de feitos que acusen e impongan a realidade vital e persoal da Nación Galega. A hestoria diste intre terá de enxuciar a nosa conduta e a nosa capacidade. Pensemos nilo, e asociemos ao noso pensamento a “lealdade salvadora” que pode xunguir aos patriotas galegos na grandeira empresa que o destino pon diante de nós.

A conciencia da nosa responsabilidade debe levarnos a ollar por enriba das cousas miúdas e intrascendentes, a de por altitudes, e a forzar aquelas solucións que poñan en función o potencial colectivo a prol das esencias patrióticas e do seu frolecimento en aptitude comprensiva, en vontade de ser i en desenrolo da nosa cultura nacional.

ta Soberán, envía o seu embaixador a Londres e fala por si ante si. O mesmo fan os demais países da Iberia que aítuan de xeito totalmente independente, cada un de por si.

Ese e o único momento da Historia de Hespaña en que hai colaboración de verdade. E magoa que non souperan manter esta situación.

A Hespaña única nunca fixo máis que desastres.

As nación da Iberia, foron creadores de arte, de espírito e de forza.

Na loita contra o franquismo e preciso andar este camiño que o senso común marcou aos nosos países no decorrer da Historia pero non haberá que esquecerse, como sempre, de que quen manda e quen fai as patrias, e a propia Natureza.

### “BETANZOS”

Con data de xaneiro do corrente ano fina de saír o número 45 de “Betanzos”, revista que publica o Centro Cultural Betanzos como resume de todas as actividades culturais, artísticas e patrióticas galegas realizadas por esta institución e a colectividade en xeral perante o ano.

Trátase dun meste e ben presentado volume de 85 páxinas con abundante material gráfico, literario e informativo que subón un magnífico esforzo d’espallamento cultural desta patriótica e galeguísima entidade que con tantos azos labouira polo prestixio e rexurdimento da perscalidade galega na Arxentina.

Colaboran neste número o doutor Fiz Fernandez cun magnífico e ben documentado ensaio encol da nazionalidade galega; o poeta Xervasio Paz Lestón cun poema adicado a Castela; un ensaio encol da paisaxe galega por Alfonso Díaz Trigo; Demetrio Díaz Varela, Xosé Ares Miramontes, Anxualdo, A. Suárez do Pazo e outros.